

Vilalba porá en valor a contorna do río

O Concello ten listo un proxecto para mellorar a sinalización do roteiro. **Pax. 2**

Reurbanizarán a pontesa praza de América

O Goberno local activa un proxecto de 569.608 euros para humanizala. **Pax. 8**

Impulso a empresarias e emprendedoras

A Deputación lanza con AELU un programa de apoio ao emprendemento do rural. **Pax. 27**

Todo listo para a noite máis máxica do verán



guitiriz. O programa festivo, que xa está listo, terá lugar entre o 23 e o 26.

as pontes. A Noite Meiga contará cunha ampla programación para a veciñanza.

asociacións. Colectivos e veciños organizan distintas actividades nesta noite.

vilalba

Sonia Villapol contará co seu hectómetro literario no Paseo dos Soños. **Pax. 3**

friol

O Concello executa obras en diferentes núcleos do rural por valor de 360.000 euros. **Pax. 14**

a pastoriza

Entrevista ao alcalde, Primitivo Iglesias, que fala dos proxectos máis destacados. **Pax. 18**

outeiro de rei

O Concello contará con dúas piscinas públicas e un centro BTT para bicicletas de montaña. **Pax. 20**

deportes

O fútbol sala da comarca pechou a campaña con varios ascensos en distintas categorías. **Pax. 26**

Coñecendo o liño



Asociación de Mulleres de Insua: 14 anos de dinamización do rural. **Pax. 4**

Festival da Chaira



A música volve á contorna da área recreativa da praia fluvial da Riboira. **Pax. 19**

Colectivo Xotramu



Muimenta recuperou este ano a XIV Festa dos Xogos Tradicionais. **Pax. 23**



Ilena tu mirada de color

Descubre nuestras nuevas colecciones.

NOVALUX
óptica & centro auditivo

☎ 982 510 100
☎ 981 451 504

Plácido Peña, 9, Vilalba,
Avda. de Galicia, 91, As Pontes.

En marcha un proxecto para pór en valor a contorna do río

O Concello ten listo un proxecto para a posta en valor, mellora e sinalización do roteiro denominado Paseo Fluvial e Literario-Río Magdalena, así como para a recuperación da rede de sendeiros verdes do municipio e a realización dunha campaña de información e sensibilización sobre a Reserva da Biosfera Terras de Miño. As tres iniciativas teñen un orzamento conxunto de 94.581,27 euros e o Concello de Vilalba solicitou unha subvención á consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia vinculada aos fondos Next Generation da UE. O proxecto ten que estar validado polo órgano rector da Reserva da Biosfera, a Deputación, situación que xa se deu. Agora o concello agarda a resolución da Xunta. O roteiro fluvial discorre polo Río

Madalena, forma parte da Rede Natura 2000 e está catalogado como Zona de Especial Protección dos Valores Naturais en Zona de Especial Conservación (ZEC). Un singular percorrido no que natureza e arte mestúranse, conxugando a paisaxe co 'Paseo dos Soños', un camiño literario composto por unha serie de hectómetros literarios dedicados a escritores e artistas ilustres da zona. O itinerario está deseñado exclusivamente para facerse a pé e a súa dificultade é baixa, duns tres quilómetros de lonxitude desde o Muíño do Rañego ata a ponte dos Freires. Ao longo do camiño crúzase o río varias veces por distintas pontes de madeira e atópanse numerosas construcións típicas das zonas fluviais da Reserva da Biosfera Terras

do Miño, como presas e muíños. O obxectivo é mellorar as infraestruturas e dotalos dun equipamento específico para un uso público sostible por parte dos visitantes. Polo que respecta á recuperación e posta en valor dos camiños verdes, o concello rematou recentemente o seu inventario de camiños municipais. A partir dese documento, a idea é crear un entramado de 67 quilómetros de sendeiros verdes para potenciar actividades sostibles como sendeirismo, campo a través, rutas en bicicleta ou trail-running, realizando ao mesmo tempo un inventario de especies de flora e fauna, elementos arquitectónicos ou etnográficos para facer unha labor de divulgación do patrimonio natural co que contamos en Vilalba.



Arriba, o Rañego e, abaixo, a nova sinalización viaria

Alumeados, alfartados e sinalización do centro urbano

SINALIZACIÓN. Vanse renovar os paneis con sinalización informativa do casco urbano, co obxectivo de mellorar os servizos para os seus veciños e os visitantes que chegan ao municipio. Serán un total de 106 sinais de varias cores, algunhas individuais e outras dobres, que se ubicarán en 37 postes de aluminio dun mínimo de tres metros de alto e un máximo de 4,50 metros.

SEGURIDADE VIARIA. Instaláronse 16 novos sinais indicativos nos pasos de peóns como medida de seguridade. Son termoplásticas

e antideslizantes, situáronse nas zonas escolares e poranse tamén nas rúas Chao Ledo, Plácido Peña e Campo da Ponte. Este sistema de sinalización termoplástica antideslizante xa está en uso en numerosas cidades europeas, cumprindo todos os parámetros recomendados pola Dirección Xeral de Tráfico (DXT). Inclúen ademais pictogramas, facilitando a súa comprensión por parte dos nenos e das persoas con TEA.

ASFALTADOS. O Concello procederá á renovación de dúas vías de titularidade municipal que dan

acceso a parcelas agrícolas nas parroquias de Nete, Insua e A Torre, mediante a limpeza de noiros, a rexeneración da capa de rodadura e a colocación de sinais verticais. En Nete, as obras serán no vial que parte dende a estrada autonómica LU-541 e atravesa os núcleos de O Caxigal e O Raño, ata rematar preto do núcleo de Doade. Ten un percorrido de 2.610 metros. Haberá tamén traballos no camiño que parte dende a estrada provincial LU-P-6506 (P.K. 1+160) e discorre en dirección norte atravesando o núcleo de Santalla ata rematar

no núcleo de Marcelle, na estrada municipal 065_407. Ten un percorrido de 1.680 metros. Tamén se procederá á renovación da capa de rodadura da rúa de Muras. Os traballos terán un orzamento de 48.000 euros e servirán para mellorar o tráfico e a seguridade viaria na rúa, tanto dos vehículos como dos peóns.

ALUMEADO. Sae a licitación unhas obras para a renovación das instalacións e o alumeado exterior nos núcleos de poboación de O Carrizo e Feiranova (parroquia de Santaballa)

e As Campelas (Rioaveso). Renovarase un total de 201 puntos de luz con tecnoloxía LED (87 en Balneario O Carrizo, 48 en Feiranova e 66 nas Campelas), mellorando desta forma a eficiencia enerxética e rebaixando o consumo de enerxía e a contaminación lumínica. O proxecto inclúe tamén a renovación dos cadros e caixas, xa que o conxunto de instalacións que xestionan o alumeado nestes núcleos está en mal estado. Tamén se substituirán o cableado e os condutores da rede de distribución, tanto os subterráneos como os aéreos.

SOMOS ESPECIALISTAS EN RECAMBIO AGRÍCOLA

NEUMÁTICA
HIDRÁULICA
TRANSMISIÓN
HERRAMIENTAS
ACEITES
MECANIZADOS

TENEMOS EL RECAMBIO PARA TU APERO

CUCHILLAS
MUELLES
CORREAS
RODAMIENTOS

TRABAJAMOS LAS MEJORES MARCAS

JOHN DEERE eni
CEPSA BCS
PETRONAS TIMKEN BZ
DUCATI

Y PARA TU JARDÍN...

Cub Cadet
ANOVA

EN CAMPAÑA SERVICIO 24H.

RYS SESACAR

RECAMBIOS Y SUMINISTROS

Rúa do Freixo, P-53
Pol. Ind. Sete Pontes
27800 Vilalba - Lugo
Tel.: 982 831 105 / 609 392 656
recambios@sesacar.com

O Paseo dos Soños destina a Sonia Villapol un novo Hectómetro Literario

O Paseo dos Soños de Vilalba contará cun novo Hectómetro Literario, o décimo sexto, por iniciativa da Asociación Xermolos e a Irmandade Manuel María.

Nesta ocasión estará dedicado a Sonia Villapol, neurocientífica e mestra no Instituto de investigación do Hospital Methodist de Houston.

Para este acto farase unha camiñara polo Paseo dos Soños ata o hectómetro labrado por Fernando Villapol, acompañados polo gaitero Raúl Galego.

Este encontro de erección dun novo monolito será ás 12.00 horas no Muíño do Rañego e intervirán Alberto Avendaó, xornalista e poeta, Modesta Campo Valiña, mestra en ciencias, Sabela Corbelle, xornalis-



ta, Paco Martín, Premio Nacional de Literatura, María Xosé Porteiro, xornalista e escritora, Guillermo Rodríguez Ososrio, mestre e psicopedagogo, e Xulio Xiz, xornalista e escritor.

Ademais haberá unha intervención musical de Marina Oural Villapol, bailarina, poeta e artista, e de Ugiá Pedreira, artista e escritora.

Por outra banda, farase un xantar ás 14.30 horas no hostel Terra Chá ao que para asistir hai que anotarse chamando ao teléfono 646 413 890.

No Paseo dos Soños de Vilalba teñen xa cadanseu Hectómetro Literario Miguel Anxo Fernán Vello, Paco Martín, Manuel María, Agustín Fernández Paz, Darío Xohán Cabana, Xabier P. Docampo, Xosé Manuel Carballo, Margarita Ledo, Helena Villar-Xesús Rábade, Xosé Chao Rego, Ramón Luis Chao, Xulio Xiz, Mini e Mero, e Alfonso Blanco Torrado.

Remata o mural dedicado a Agustín Fernández Paz e prográmase outro

Vilalba conta cun novo mural artístico dedicado a Agustín Fernández Paz e elaborado polo artista Mon Devane, na avenida de Terra Chá.

A peza artística homenaxea ao escritor vilalbés Agustín Fernández Paz, enalzando a súa figura a través da arte urbana. Dende o Concello de Vilalba agradeceron ao artista Mon Devane a creación desta obra de gran calidade que expresa con realismo a figura de Fernández Paz, cuxo rostro aparece acompañado dos libros que simbolizan a súa traxectoria.

Non obstante, alén do propio mural terminado, todo o proceso de pintado foi un gran espectáculo en directo para a cidadanía de Vilalba. O mural tivo unha boa acollida entre os veciños e veciñas, que se achegaron

tanto a seguir o proceso como a contemplar a peza artística final.

O novo mural, situado na avenida Terra Chá, súmanse aos catro que xa embelecen o casco urbano de Vilalba, na piscina municipal, de Iria Fafián; na rúa Carmiña Prieto Rouco, de Pablo Lage (Van-Kraft); na rúa do Cotarón, de Miguel Peralta (Cestola na Cachola); e na travesía dos Castros, de Lula Goce. Ademais, estes murais repercuten no obxectivo do goberno local de humanizar a vila mediante a arte urbana.

Por outra banda, o Concello de Vilalba anuncia que o artista urbano Diego AS realizará un novo mural no municipio, no marco do proxecto do goberno local para impulsar este tipo de obras artísticas.



A cidadanía propuxo lugares para que Diego AS pinte o seu novo mural en Vilalba. O artista seleccionará entre os lugares ofrecidos o que máis axeitado considere para o mural.

Amplían a estrutura dos campamentos para axudar na conciliación

O Concello presentou unha nova edición dos seus Campamentos de Verán, este ano con quendas máis longas para facilitar a conciliación de vida familiar e laboral. Haberá tamén as Vilaescolas de Verán, que se anunciarán en breve.

Os campamentos son para nenos e nenas con idades comprendidas entre os 5 os 12 anos (ambos inclusive) cumpridos a 31 de decembro, é dicir, un menor que cumpra os 5 anos no 2022 pode asistir.

“Sabemos o importante que é para as familias poder conciliar na época estival, así que este ano ademais de poder ofertar máis prazas debido á boa evolución da Covid, as quendas serán máis longas e extenderanse do 4 de xullo o 26 de agosto”, explicou Antía Rama, concelleira de Infancia e Xuventude.

Este ano tamén se ampliará o hora-



rio, que será de 09:00 a 14:00 horas. As familias deberon sinalar unha das quendas como preferentes e, de quedar prazas libres na segunda opción, poder tamén acceder a ela. Cada quenda ten un máximo de 40 prazas.



NOVO CIRCUÍTO VIAL. O CEIP Terra Chá rematou xa a construción do seu circuito vial dentro do Plan Proxecta+. Así, realizáronse varias melloras no parque infantil do centro, entre as que figuran o pintado dun circuito vial para infantil con simulacros estradas, sinalización; a renovación de mobiliario de descanso (bancos, cadeiras); incorporación de zona axardinada, e incorporación dun kart e novas minimotos para o circuito vial.



VA VEIGUELA ABOGADOS

30 AÑOS DE EXPERIENCIA EN DERECHO LABORAL

INCAPACIDADES | DESPIDOS | ACCIDENTES LABORALES

¡Consúltenos!

Plaza Mártires de Carral, nº 7, Entlo. Dcha., Lugo. 982 228 606

@veiguelabogados | veiguela abogados

Asociación de Mulleres de Insua: 14 anos de dinamización do rural

Por Vanesa Lama

Na Asociación de Mulleres da parroquia vilalbesa de Insua, unha das máis coñecidas da comarca, levan catorce anos inmersas na tarefa de recuperar e divulgar o cultivo e os traballos tradicionais do liño.

A súa creación no 2008 veu dada pola ansia dun grupo de veciñas de atoparen un lugar de encontro de seu: as mulleres non tiñan un sitio para xuntarse, como os homes na taberna, e tampouco había actividades para elas. “Durante ese primeiro ano”, explica Míriam Fernández Otero, historiadora de arte, tecelá e integrante da asociación, “foi todo unha toma de contacto, de mirar cousiñas para facer”. Como a todas lles interesaban a artesanía, ocorrúselles recuperar un oficio relacionado co téxtil e co cultivo do liño.

Esta idea non saía da nada, senón que veu da memoria das veciñas de máis idade, que aínda lembraban os tempos en que o liño era un cultivo máis na parroquia e en que as mulleres facían a maioría das prendas na casa, antes de que chegaran as

facilidades para ir mercar roupa aos comercios. Así, da man das mulleres maiores, empezaron a sementar liño e obtiveron a primeira colleita no 2009.

Toda práctica agrícola abrangue asemade un conxunto de ferramentas. Na asociación amañaron e rehabilitaron todos aqueles apeiros que foron atopando arrombados nos faiados e alpendres e incluso conseguiron reproducir algúns moi danados polo paso do tempo. Por desgraza, queimáranse moitos ao considerar os donos que non facían falla e non contar con volver utilízalos, sobre todo os teares que avultaban moito e ocupaban bastante espazo.

O proceso do liño, tal como se facía tradicionalmente, transcurre ao longo do ano. Seméntase en marzo ou abril, arrínchase no verán, faise a tasca en outubro, fácese e branquease no inverno. Cando se ten o liño listo para tecer, hai que volver plantalo. “En total serían sobre 36 pasos diferentes (ripado, enlagado, amantado, arrestrelado...), o que require un gran traballo comunal que recaía

fundamentalmente nas mulleres, aínda que os homes tamén axudaban algo”, sinala Míriam. A través destas etapas pódese contemplar como esta herba se vai convertendo paseniñamente nun prezado fío.

Sen dúbida, o evento estrela organizado pola asociación é a recreación anual nunha xornada dos traballos realizados nas antigas tasca do liño. Nestas reunións de carácter comunitario procedíase a eliminar a codia que recobre a fibra no banco tascón e, como non, tampouco faltaba a foliada. Ademais destas demostracións do proceso, organizan nese día diversas actividades culturais, como mesas redondas sobre temas relacionados co liño ou co mundo rural, exposicións de traxes e ata un concurso de poesía para adultos e outro de debuxo para nenos. “Estes concursos son outra maneira de implicar á xente da contorna no proceso, para dalo a coñecer sobre todo aos cativos. As bases están abertas para toda a provincia de Lugo”, comenta Míriam. A Tasca de Insua ten lugar no mes do outubro e conta tamén con actuacións musicais e incluso, como o ano pasado, actuacións para o público infantil, continuando a tradición galega de unir traballo comunitario e troula.

Unha vez obtido o fío, comeza a tecedura. As mulleres da asociación foron rehabilitando teares, antes moi comúns nas casas, e aprendendo a técnica grazas unha vez máis á memoria das compañeiras de máis idade ou ben a cursos de formación que foron buscando. Empezaron a traballar con outras fibras complementarias como a la e a recoller e conservar pezas téxtiles antigas.

Outro aspecto interesante que se recuperou foi todo o léxico relacionado con apeiros e tarefas, que varía segundo a zona e que deixara de



No local que utilizan na Casa Escola de Insua

utilizarse ao non realizarse xa eses traballos. Neste patrimonio oral inclúense tamén refráns e cantigas.

A evolución deste proxecto etnográfico recóllese no libro “As mulleres de Insua e o liño”, da mesma Míriam Fernández Otero en colaboración con Mario Outeiro e Xosé Felpeto Enríquez, publicado polo Instituto de Estudos Chairegos no 2019 para celebrar o décimo aniversario da asociación. A obra documenta todo o proceso do liño tal como se viña facendo na parroquia de Insua, ampliando o ámbito xeográfico a toda Galicia segundo se avanza na lectura. Permite tamén repasar a traxectoria da agrupación mediante unha serie de fotografías e recortes de prensa e contén unha recompilación da rica e variada cultura popular arredor do liño, dende contos e lendas ata un glosario que axuda a entender a ampla terminoloxía empregada.

Por outra banda, a asociación realiza unha excelente tarefa de divulgación desta tradición. Acoden a mostras e feiras de artesanía, a colexios, institutos e todo tipo de eventos culturais para facer demostracións destes traballos e promocionar a artesanía galega, o patrimonio e a transmisión da cultura do rural. Estiveron presentes por exemplo na pasada Feira do Queixo de San Simón e asistirán á próxima Feira de Artesanía de Vilalba os días 7 e 8 de maio.

A maiores do proceso do liño, a asociación de mulleres leva a cabo dife-

rentes cursos de artesanía: cestería, pintura de vidro, patronaxe, todo aquilo que lles chame a atención e do que poidan conseguir formación. Tamén teñen o que elas chaman “talleres fixos”, nos que se poñen a fiar e tecen diversas prendas, utilizando moitas veces a fibra que elas mesmas cultivaron. Dispoñen para iso dun local na Casa Escola de Insua, con varios teares e outros apeiros necesarios.

Na actualidade son máis dunha trintena de socias, aínda que as máis activas son unhas quince. Xúntanse dúas veces por semana e durante os meses de confinamento botáronse moito de menos. Estas xuntanzas son un xeito moi efectivo de combater o illamento no que en moitas ocasións se atopa a muller no rural. Entre elas créanse fortes lazos de amizade despois de todos estes anos de compañeirismo. Veciñas de barrios alonxados ou de diferentes idades tiveron unha oportunidade de coñecerse e de ter relación que de outra maneira non se daría.

A satisfacción polo traballo ben feito, o orgullo de recuperaren tradicións xa case esquecidas e de poñeren en valor un patrimonio tanto material como inmaterial inxustamente infravalorado e o reforzamento dos vínculos veciñais unen e animan a este grupo de mulleres a continuar coas súas actividades e fainas merecedoras sen dúbida do respecto e agradecemento do resto da sociedade.



Traballo no banco tascón

CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

20 Años a tu lado

Dr. Juan Francisco Lema Ferro Coleg. 270000874
Dra. Noelia Fernández Agudo Coleg. 270001206

Horario: Lunes a jueves de 9h a 14h y de 16h a 22h.
Viernes de 9h a 14h y de 16h a 20:30h.

Camiño Real 36-38 Entresuelo Izda. 982 228 428 - 608 937 993
www.clinicadentaltest.es / dentaltest@yahoo.es

clínica **TEST** dental

Parking gratuito

“Hoxe é complicado vivir da artesanía ou da xestión cultural”

Miriam Fernández é xestora cultural, tecelá e unha das integrantes da Asociación de Mulleres creada na parroquia vilalbesa de Insua

Cando empezou a túa implicación na Asociación de Mulleres de Insua?

Tiña 17 anos cando empezamos no 2008. No principio era un punto de información e formación para a muller no medio rural, porque os homes aínda se xuntaban no bar un pouco cos veciños e cos amigos, pero as mulleres non tiñan un sitio para xuntarse e non había tampouco actividades. No rural ou hai algunha asociación que tire por iso ou hai pouquiñas cousas. E así foi cando miramos de facer unha asociación de mulleres, entre varias.

Como empezaches co liño?

Como a todas nos gustaba un pouco a artesanía e a tradición, ocorréusenos o tema de recuperar un oficio relacionado co téxtil e a tradición do cultivo do liño. Algunhas das mulleres acordábanse, outras xa non porque xa as collera o cambio de deixar de cultivar o liño, pero sobre todo as máis maiores acordábanse e da man delas fomos empezando. No

2009 tivemos a colleita inicial.

A partir da túa implicación coa asociación empezaches a tecer.

Si, en realidade empezou miña nai antes. Como lle gustou moito o que facíamos na asociación, foise formar ao Centro de Artesanía e despois foime formando ela a min pouquiño a pouco. Antes na casa da miña avoa tamén houbera tecelás, sobre todo a súa tía, ían aprender con ela, tecía para fóra e todo iso. Entón intentamos recuperar un pouco a tradición familiar.

Conservábase aínda o tear da casa?

Por desgraza non, queimouse desde que xa non se utilizaba. Conservamos algúns apeiros, como a vara de felpar e algúns peines. A que máis tecía era a tía da miña avoa da que falei antes, que quedara solteira. A miña avoa adicábase máis á agricultura, tecía tamén un pouco e cando o deixou, arrombáronse cousas. Non se contaba con volver a iso e o tear avultaba moito, cunha urdiadeira enorme que se enganchaba á

viga do teito. Tiñan unha habitación específica para o tear, non todas as casas tiñan esa posibilidade de tela, moitas veces estaban en cuadras ou rochos porque como era unha actividade de mulleres non se apreciaba. Non todas tiñan un sitio específico para tecer.

Con que materiais teces á parte do liño?

O liño cultivado, como dá moito traballo, ten outro custe, é para cousas especiais que che encargan sabendo ao que van. Tamén compramos liño industrial e sobre todo traballamos con fibras naturais: liño, la, algodón, seda, e despois con outras que son semi naturais, como o raión e tamén algunha sintética, pero sobre todo o que nos gusta traballar é con fibras naturais.

Fálanos un pouco do voso obradoiro Fusaiola

Empezou miña nai no 2012. Cando acabei de estudar xa me incorperei máis activamente, ata daquela ela estiveráme ensinando, eu estivera aprendendo cousas, facendo cursos. Puxémoslle o nome de fusaiola, que fai referencia a unhas peñas de forma circular que se poñen como contrapeso do fuso e permiten que xire para torcer o fío. No 2016 conseguimos a marca Artesanía de Galicia, que é un amparo da Xunta e axuda moito.

O obradoiro tédelo en Insua?

Si, nun rochiño que tiñamos que de feito era unha antiga cuadra, un alpendre que amañamos un pouquiño. Alí temos os teares, os fíos, todas as cousas para tecer. É pequeno e familiar.

Graduáchede en Historia da Arte pola USC, unha carreira moi rela-



Miriam Fernández cun dos seus traballos

cionada tamén co patrimonio.

Si, ao facer historia da arte xuntei as dúas cousas porque fago tamén investigación sobre o téxtil, reproducións e actividades en museos... Puxen un pé en artesanía e unín a práctica coa teórica.

Escribiches unha serie de artigos sobre o patrimonio chairego no Terracháxa, como valoras esa experiencia?

Estiven sete anos colaborando co Terracháxa. Tiven que parar porque se me xuntaron cousas. Empecei pouco despois de acabar a carreira, propúxerallo ao daquela director para divulgar sobre todo cousiñas que están cerca e que non coñecemos e para poñer en valor a Chaira e o que temos aquí.

Que te levou a facer un máster en servizos culturais?

O de servizos culturais é un pouco xestión do proxectos e actividades culturais. Como xa tivera a experiencia da asociación e me gustaba toda esa organización de actividades, de difusión do patrimonio, de-

cidíndome a facelo.

Actualmente en que proxectos estás traballando?

Ademais do obradoiro Fusaiola, traballo en Clío Gestión Cultural, en temas relacionados ou non co téxtil. Actualmente estamos preparando unha exposición en Salamanca, por exemplo. Se che digo a verdade, é complicado vivir tanto da artesanía como da xestión cultural. Hai veces que fas máis ou menos ou traballas só uns meses para compensar o resto. Estou contenta porque estou facendo o que me gusta, pero custoume moito chegar ata aquí. Hai que seguir loitando.

Participaches no vídeo que fixo este ano o Concello de Vilalba para conmemorar o 8M.

Gustoume moito cando mo propuxeron e decidíndome para dar a coñecer a tecedura. Como era tema de mulleres antes non se lle daba o valor que merece, como a todos os oficios das mulleres en xeral. Explíquei un pouquiño o que fago. Que dei moi agradecida.



As mulleres de Insua promocionando a súa tradición

BOSCH Service

¡Para todo lo que tu automóvil necesita!

Husqarona | Bosch y Jardi | CARLOS

Reparaciones Carlos, s. L.

Xermar, 2 - 27377 COSPEITO (LUGO)
Tel.: 982 503 356 - Móvil: 660 476 319
jcpenelas@bosch-bcs.com

Si te dicen mayor, tú di joven

2x1
en gafas progresivas de marca

OPTICALJA CALLAO

LLUGO | FERROL | AS PONTES | NARON | ORTIGUEIRA
Avda. de Galicia, 49 · As Pontes (A CORUÑA) · Tel. 981 452 270
www.opticaliacallao.com

O Pleno aproba unha renovación de crédito para obras de mellora

O Concello de Vilalba celebrou un pleno extraordinario no que se aprobou unha modificación de crédito de 662.288,08 euros con cargo ao remanente de tesourería para acometer diferentes obras e proxectos que mellorarán a vida dos veciños.

Esta partida incluírase nos orzamentos para o proxecto de renovación integral e humanización da rúa da Pravia, impulsando a recuperación para a veciñanza dun dos principais espazos públicos da vila.

A obra é moi necesaria ademais debido a que nestes últimos anos houbo diversas roturas nas canalizacións de auga. Nesta rúa existen tuberías de fibrocemento que están prohibidas dende o ano 2003, polo que é unha prioridade realizar esta actuación.

Una segunda obra que se poderá realizar co modificativo é a ampliación da rede municipal de abastecemento de auga na parroquia de Santaballa. O proxecto servirá para mellorar o servizo a 95 vivendas e explotacións gandeiras.

Tamén se renovará o pavimento da travesía da Ferrería. Esta obra xustifícase para dar solución a esta rúa no que atinxe o abastecemento de auga, evacuación de residuais e outras instalacións (iluminación), xunto coa humanización da zona como continuidade da actuación na rúa das Pedreiras.

Por último, renovarase o alumeadado exterior en O Carrizo, Feiranova (Santaballa) e As Campelas (Rioaveso), con tecnoloxía LED para mellorar o servizo e reducir a contaminación.

Xa hai gañadores do certame de microrrelatos de Vilalba

Vilalba anunciou os gañadores da cuarta edición do seu concurso de microrrelatos. O certame, organizado en colaboración con Culturalia Gz, busca conmemorar o Día do Libro 2022 e fomentar a literatura entre a poboación.

Así, en categoría infantil, a gañadora é Paula Pérez Cendán co seu texto A historia de Daniil. O segundo premio é para Sabela Vidal Barreiro, por Libros Silenciosos e o terceiro para Emilia Manso Rodríguez, por O libro perdido.

En categoría xuvenil, Carlota Millor Prado logrou o primeiro premio coa obra Pensamento 22.139. A segunda praza é para Mariña Maceiras Segovia, por Procastinación vital, mentres que o terceiro premio recíbeo Fernanda del Carmen Moraes Vidal,

por Perségume un desexo, gardar o tempo. Na categoría de adultos, o mellor microrrelato foi Alumar de Óscar Reboiras Loureiro. A segunda praza é para Patricia Torrado Queiruga, por A quen sobreviva, mentres que a terceira posición é para Raquel Fernández Fernández, por Cháome Ismael.

Dende a organización do certame agrádecese a ampla participación no concurso nas distintas categorías. As persoas participantes deberon entregar obras en galego que non superasen as 100 palabras.

Os gañadores recibirán como premio no caso dos adultos 300, 200 e 100 euros para os tres premiados, mentres que na categoría infantil repartíranse libros e material escolar. Na xuvenil, recibirán unha tablet e libros.

O Partido Popular aposta pola dobre dirección da rúa da Pravia

O PP de Vilalba deixou claro no último pleno que a súa aposta é pola dobre dirección da rúa da Pravia e a mellora do seu abastecemento. Ademais, o Grupo Municipal Popular pediu a votación por puntos, pois o Grupo Municipal Popular concorda coa realización das obras de renovación das instalacións e alumeadado exterior no Carrizo, en Santaballa, e As Campelas, en Rioveso; así coma na ampliación da rede municipal de abastecemento na parroquia de Santaballa e a renovación da Travesía da Ferrería, para as que a Xunta aportará preto de 200.000 euros.

Os populares apoian aquelas actuacións que melloren a calidade de vida dos veciños e, polo tanto, tamén concordan coa realización das obras de renovación das instalacións de abastecemento de auga da principal arteria de Vilalba. Con todo, a popular advertiu: “non contem co noso apoio para unha obra que vai en contra de todos, que costa máis



de 1 millón de euros pero que non vai resolver o caos circulatorio de Vilalba”, manifestou a popular. É que, “o posicionamento do Partido Popular de Vilalba é claro con respecto á rúa da Pravia: estamos en contra da imposición da dirección única da Rúa da Pravia, unha decisión implantada pola porta de atrás, sen consenso cos veciños e comerciantes. A nosa alternativa é que sexa de dobra dirección”, insistiu.

A voceira popular subliña que “o pleno extraordinario urxente evidencia mala xestión, caótica organización e

tamén supón un derroche de recursos públicos”. A popular explica que “o motivo do pleno extraordinario é a aprobación dunha modificación de crédito para poder gastar 662.288,08 euros por parte dun goberno en minoría que goberna a través de decretos de alcaldía e que é incapaz de elaborar un presuposto propio”. Vázquez acusou ao goberno local socialista de abandonar o rural ao dirixir ao casco urbano o 86% da cantidade proposta e lamentou que presuman de aforrar cartos en obras coma a da carretera da Veiga.

Vilalba Aberta di que a recollida de lixo leva 20 meses fóra de contrato

Vilalba Aberta volve sacar ao paso do retraso no proceso de renovación do contrato de limpeza viaria e recollida domiciliar de lixo. Un servizo público “fundamental para a veciñanza de vila e parroquias” do que, dende o ano 2000 é beneficiaria a empresa Urbaser e que, tal e como denunciou hoxe o voceiro municipal da formación, Modesto Renda, “suma 20 meses fóra de contrato”.

Renda, que xunto á vicevoceira municipal de Vilalba Aberta, M^{ra} Xosé

Fernández, foi o único voceiro municipal que na presente lexislatura se reuniu co conxunto dos traballadores/as; foi especialmente crítico co que cualificou de “abraiante inacción” do equipo de goberno do PSOE local. “O 25 de Setembro de 2020 Vilalba Aberta denunciou por primeira vez o retraso da licitación e dende o 28 do mesmo mes, nada se sabe do proceso de renovación dun contrato, que non contempla prórroga e que calquera goberno responsable e pre-

visor tería xa hai meses listo en tempo e forma”, explicou.

Na mesma liña, e ao tempo que lamentou a “caos administrativo” e a “total desorganización interna” dun executivo municipal que “sempre chega tarde”, o voceiro volveu alertar dos tres anos de parálise municipal, tamén, en relación coa necesaria aprobación duns Orzamentos Municipais que definiu de “inaprazables”, en tanto que “dos mesmos depende a propia renovación do servizo”.

6 meses de Mega Aforro

Fibra **1.000 Mb**
Móbil **50 GB**
CHAMADAS ILIMITADAS

17€
/mes
44€ IHTES

60% DTO. DURANTE 6 MESES Aforra **162€!**

adamo
A mega fibra



Chama gratis ao
900 651 679

Visítanos en
www.adamo.es




eero
an amazon company

A revolución da Wi-Fi chega con Adamo! Instalámosche gratis o mellor router do mercado



Oferta válida exclusivamente para novos clientes que non contrataran Adamo nos últimos 3 meses e que contraten entre 02/05/2022 e o 30/06/2022, ambos incluídos. Non se pode combinar con outras promocións. Internet FAST! + Móbil ilimitado 25 GB coa promoción, durante os primeiros 6 meses, só pagarás 17 €/mes, despois PVP total 44 €/mes. Ademais, por contratar móbil 25 GB, levas de agasallo 25 GB adicionais para sempre. Prezo final con IVE e cota de IFA incluídos. Promoción suxeita a permanencia cos servizos Adamo de 12 meses. Cota de activación de 12,10 € (IVE incluído) que inclúe a instalación dun router premium. En caso de que o cliente solicite a cancelación do servizo e se dese de baixa antes dos 12 meses, terá un cargo da parte proporcional de 163,35 € (IVE incluído) en concepto de permanencia. Liñas adicionais limitadas a un máximo de 4 por cliente.

CONCELLO DE VILALBA un novo concepto de urbanismo: MÁIS PROTAGONISMO ÁS PERSOAS



Concello de Vilalba

O CONCELLO MELLORANDO O RURAL

RENOVACIÓN DO FIRME
NO ESCAIRO (MOURENCE)

MELLORAS DE ACCESOS EN SANCOVADE



A Xunta aproba a achega para o centro loxístico

O Consello da Xunta deu luz verde á firma dun convenio de colaboración entre o Goberno galego e o Concello para impulsar a construción dun centro loxístico neste municipio que contribúa ao crecemento económico desta comarca da provincia.

O proxecto, impulsado desde a Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia, contará cun investimento total de preto dun millón de euros, dos que a Administración autonómica achegará o 25%, ao redor de 250.000 euros. A infraestrutura localizarase nunha parcela de 9000 metros cadrados do parque empresarial Penapurreira e constará de dúas naves -unha para uso loxístico e outra para almacenaxe a granel, así como unha zona de oficinas cunha superficie construída de 2000 metros cadrados. As instalacións completaranse cunha báscula de pesaxe de camiións e áreas de manobra, car-

ga e descarga.

Deste xeito, preténdese paliar os impactos negativos que neste Concello ten o peche da central térmica aproveitando a oferta que na zona hai de empresas e autónomos con vehículos de mercadorías por estrada que nos últimos tempos viron reducida a súa actividade. O centro loxístico será ademais unha oportunidade para o mantemento e creación de emprego, así como para a revitalización a nivel económico da comarca. O convenio enmárcase no compromiso da Xunta de Galicia coa recuperación da actividade industrial en Ferrolterra, dentro do espírito do Pacto de Estado por Ferrol, Eume e Ortegal. Unha folla de ruta presentada hai un ano que é froito do consenso entre todos os axentes en Galicia (administracións e entidades empresariais e sociais) pero na que falta por parte do Goberno central un compromiso claro.

Mellorarán a pavimentación e servizos na rúa Anduriñas

O Concello ten previsto mellorar a pavimentación e os servizos na rúa Anduriñas así como proceder ao traslado da marquesiña á rúa Camelias, un proxecto cun orzamento de 191.270 euros, con cargo á Deputación da Coruña.

Este proxecto permitirá á renovación da calzada e beirarrúas do viario co obxectivo de mellorar a súa accesibilidade para o que será preciso unificar a cota así como definir un único sentido de circulación, con espazo para aparcamento na marxe dereita

do viario, en sentido da marcha.

As zonas de circulación diferéncianse mediante o emprego de distintos pavimentos, seleccionándose as baldosas de formigón prefabricado para as bandas laterais destinadas ao tránsito de peóns e as lastras de formigón na calzada central destinadas ao tráfico rodado de vehículos.

Entre os traballos previstos tamén se inclúe a renovación da rede unitaria de saneamento a separativa, o alumeadado público e a instalación de mobiliario urbano.

Máis de medio millón para reurbanizar a praza de América

O Concello das Pontes, a través do Plan Único da Deputación da Coruña, activa un proxecto de 569.608 euros para reurbanizar a Praza de América debido ás eivas que ten como a falta de accesibilidade por mor dos desniveis xerados, así como a escasa funcionalidade que ten pola carencia de mobiliario urbano axeitado e a falta de zonas de resguardo fronte ao sol e á choiva. Por outra banda, o edificio da biblioteca municipal, situado no vértice sur baixo a praza, sofre constantes filtracións de auga procedentes da cuberta.

Por todo isto, o obxectivo principal da actuación, que está en proceso de licitación, é ordenar o ámbito en termos de funcionalidade, seguridade e accesibilidade atendendo a criterios de calidade ambiental, de eficiencia enerxética e de sustentabilidade.

Os eixes fundamentais da proposta para a Praza de América son, por unha banda, a recuperación dos valores orixinais perdidos, como son o papel protagonista da escola ou a relación coas rúas perimetrais e o carácter de paseo do coñecido na vila como Paseo dos Americanos, e, pola outra, a creación de espazos útiles tanto para o uso diario como ámbito de lecer así como para a celebración de eventos.

Así, a estratexia que se formula para volver á configuración orixinal da praza pasa por proceder á demolición do edificio da biblioteca municipal. Unha vez suprimida esta barreira, a intención é que as vías perimetrais, recentemente urbanizadas, definan o relevo no interior da praza mediante a extensión das superficies, asimilando as súas pen-



dentos e establecendo unha plataforma á mesma cota.

No nivel da avenida da Coruña, creárase un espazo diáfano de pavimento duro, totalmente libre de obstáculos, configurado como área na que se acollan eventos. Unha alinación de arborado de castiñeiros das indias definirá sutilmente o límite entre o espazo da rúa e o ámbito da praza.

Do outro lado do triángulo, o lateral leste, a área que xurde da prolongación do espazo público da rúa Caste-

lao concíbese como unha ampla la-deira verde. No ámbito intermedio, vencellado coa rúa Ramón Cabanillas, proxéctase unha zona de paseo protexida do ruído e do tráfico na que se crearán recunchos de estancia cun carácter máis intimista.

Por último, como medios para salvar o desnivel, faranse conexións puntuais como escaleiras e unha rampla accesible que conectará a avenida da Coruña co novo paseo, disporanse

faros en columnas.



PARQUE DO CAMPO DA FEIRA. Aprobado o expediente de licitación das obras de rehabilitación das zonas de xogo do parque do Campo da Feira. O proxecto inclúe a restauración e mantemento dos xogos existentes nas catro zonas de xogo así como o subministro de novos xogos, o saneamento das zonas do pavimento de caucho e a retirada do valado perimetral.



Saneamientos, construcción e ferretería

constru fer

MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN Y SANEAMIENTO

PABLO RABADE PAREDES

TEL: 982 511 200 FAX: 982 511 200

Avda. Terra Chá 112 - 114 · VILALBA (LUGO) · Telf: 982 511 200

As Pontes prepárase para un festivo verán

A Concellería de Cultura prepara un intenso programa cultural e de ocio para o verán no que destaca a volta, tras dous anos de parón provocado pola Covid19, a cuarta edición da Noite Meiga que se celebrará o venres, 23 de xuño, a partir das 20:00 horas, no Canal IV.

NOITE MEIGA. Entre as actividades programadas destacan un obradoiro infantil, para nenos e nenas de ata 12 anos de caracterización de bruxos e meigas, pintacaras e xogos.

Así mesmo a veciñanza e as persoas visitantes poderán gozar do espectáculo de rúa itinerante e participativo, *A noite das boas meigas* no que se mesturarán disciplinas como a maxia, os malabares e o teatro, facendo ao público protagonista.

A celebración continuará cun primeiro pase do Grupo Assia, ata ás 23:30 horas, momento no dará comezo un ritual para encender a fogueira de San Xoán. A partir das 00:30 horas volverá a música do Grupo Assia e a celebración rematará coa actuación do DJ Manu Chady.

Por outra banda, como en anos anteriores, a partir das 20:30 horas dará comezo unha sardiñada popular a un prezo de 10 euros por persoa.



canoite acaricia a normalidade na súa terceira edición de 2022. Programado para o día 2 de xullo, o festival esquecerase das cadeiras, os aforos e todas as restricións sanitarias condicionadas pola pandemia nunha edición claramente orientada a gozar dun festival que naceu hai dous anos, en plena pandemia co obxectivo de manter a programación cultural e dinamizar o sector hostaleiro da vila. Para mostra, algúns dos artistas que convocarán ás persoas amantes da música na nova ubicación, a Fraga de Dona Rita serán La Otra, Yoly Saa, El Jose, Té Canela ou Eme Dj.



acollerá durante a primeira quincena do mes de xullo a quinta edición do festival de música clásica Son As Pontes organizado polas Xuventudes Musicais da Coruña en colaboración co Conservatorio Profesional de Música das Pontes.

Desde o 9 ao 14 de xullo, unha trintena de alumnos e alumnas participan en clases maxistras individuais, grupais ou as dúas variantes, dependendo do tipo de matrícula, da man de reputados intérpretes procedentes de diversos ámbitos como pode ser o músico de orquestra, de cámara, solista ou docentes con gran experiencia.

O alumnado, así mesmo, terá a po-



sibilidade de participar no ciclo de novas promesas e a Orquestra de Cámara Son As Pontes, compartindo escenario co corpo docente para achegar á veciñanza á música de cámara de máis alto nivel con concertos de vento, de guitarra, cuartetos con piano, dobre quinteto de vento e contrabaixo, pezas de Mozart, Bach, Beethoven ou Strauss, entre outros. Este ano, como novidade, o Festival Son As Pontes celebrará o primeiro concurso internacional de música clásica que ten como obxectivo prioritario fomentar a difusión da música clásica e incentivar a formación característica de novos intérpretes. Poderán participar concursantes

desde os 18 anos en diante, en grupos dun mínimo de dous instrumentistas. A idade media dos compositores das formacións de cámara non superará os 30 anos e poderán participar no concurso intérpretes de música clásica de todas as nacionalidades.

O certame realizarase o xoves 14 de xullo, no Auditorio da Casa Dopeso.

ROMARÍA DAS MERENDAS. O grupo de música tradicional No Cómbaro, coa colaboración do Concello das Pontes, organiza a primeira Romaría das Merendas. Un día enteiro de música e diversión, ambientado nos anos 50, na Fraga de Dona Rita, e na que se recuperará o esplendor dunha romaría de sempre

Esta celebración está aberta a todos os públicos e só é preciso levar unha mantíña, unha cesta coa comida e moitas ganas de diversión. Será o sábado 18 de xuño.

O programa arrancarás ás 13.00 cunha sesión vermú que se prolongará ata as 15.00 horas. Continuará as merendas e de 7.00 a 22.00 horas haberá unha foliada estelar coa participación de Os do Xalo, Batifoula, Pan.Sen.Fron, Airiños do Eume, Son d'Aquí, Aquí e Alá, Charanga Alxibeira, Maghúa, Canavella e No Cómbaro.

BOCANOITE. O festival Sons da Bo-

MÚSICA DE CÁMARA. O Concello

OFERTA FORMATIVA

01 ESO

02 ESA (ESO para adultos)

03 FP BÁSICA

- Informática de Oficina
- Mantemento de vehículos

04 CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO

- Electromecánica de vehículos automóviles
- Sistemas Microinformáticos e Redes
- Soldadura e Caldeiraría (FP Dual)

05 CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR

- Administración e Finanzas
- Mantemento Electrónico (FP Dual)
- Desenvolvemento de aplicacións web (FP Dual)

06 ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS

- Inglés todos os niveis

07 AULA DE EMPRENDIMENTO

(coa finalidade de impulsar as habilidades persoais e profesionais encamiñadas a potenciar o emprendemento e o autoemprego)

Rúa José María Penabad López s/n
15320 As Pontes (A Coruña)
Teléfono 881 93 00 01
ies.castrodauz@edu.xunta.gal
<http://www.edu.xunta.gal/centros/iescastrodauz/>
<https://www.facebook.com/iescastrodauz>
<https://www.instagram.com/castrodauz/>

O lago revalida a bandeira azul por segundo ano

O Concello logra, por segundo ano consecutivo, a bandeira azul para a praia do Lago, un distintivo que recoñece a calidade ambiental do areal pontés. Elena López, concelleira de Turismo, amosa o orgullo que para o Concello das Pontes supón revalidar esta distinción xa que “era un reto ao que nos enfrentábase tras acadar, por primeira vez, a bandeira azul no ano 2021. Implicaba cumprir cuns estritos criterios ambientais, educativos, de seguridade e accesibilidade e manter uns estándares de calidade. Obter de novo a bandeira azul avala todo o traballo realizado desde diferentes áreas do concello para manter esta distinción e facer da praia do lago



Participación no congreso ibérico

un símbolo de calidade turística”. A concelleira de Turismo, Elena López, participou onte nunha mesa redonda sobre a xestión dos concellos para a consecución do galardón medio ambiental no primeiro congreso ibérico de bandeira azul celebrado en Mérida

Aprobado un orzamento de 15,5 millóns de euros

O Pleno do Concello das Pontes aprobou o orzamento xeral para o ano 2022 así como as bases de execución do propio orzamento, o estado de previsión de movementos e a situación de débeda, o anexo de persoal e o anexo de investimentos a realizar polo concello durante o presente exercicio.

O orzamento municipal, que ascende a 15.500.906 euros está deseñado por e para a veciñanza e permitirá poñer en marcha diferentes accións que buscan mellorar a calidade de vida das pontesas e ponteses, mantendo saneada a economía municipal, ao tempo que cumpre coas normas de estabilidade orzamentaria, períodos medios de pagamento e a normativa económica vixente

Así, o tenente alcalde, Antonio Alonso, incidiu en que se trata dun orzamento deseñado respectando o equilibrio entre ingresos e gastos, e que “ten como obxectivo prioritario garantir o benestar social e o acceso a servizos, de calidade, de toda a veciñanza a través de diversas accións promovidas desde as diferentes concellerías”

O capítulo VI, de investimentos, ten consignada unha partida de preto de 1 millóns de euros para executar obras como a rehabilitación da área de xogos do parque do Campo da Fera, mellorar os pavimentos e servizos da rúa Roseira, adquirir un edificio para a seda da Entidade Pública de Conservación e a creación dun centro loxístico, entre outras.

Endesa construírá na vila o laboratorio central do grupo

Endesa construírá nas Pontes un novo edificio do laboratorio central do grupo, no que investirá 2,7 millóns de euros, que se manterá na localidade e non lonxe da localización actual. Con esta nova edificación, o seu obxectivo é ter separada a parte analítica do resto de dependencias e considera que se mellorará o almacenamento de produtos químicos. Segundo sinalou Endesa nun comunicado, unha vez que a compañía dispoña da licenza municipal que xa solicitou, realizarase a obra que está previsto que dure uns nove meses. Este laboratorio, creado en 2008, naceu vinculado á actividade térmica, e ten a súa sede na planta de carbón que se atopa en proceso de peche. Agora, sinalan, “coa irrupción das enerxías renovables”, cambiaron a orientación das tarefas, de modo que actualmente opera “con todas as tecnoloxías”, o que implica que realiza estudos tanto “para térmicas de gas e carbón como para nucleares, solares, geotérmicas, hidráulicas e eólicas”.

Así mesmo, a empresa explicou que ao laboratorio central recorren todas aquelas plantas do grupo Enel que se atopan “cun evento inusual ao que non resulta sinxelo dar unha explicación”. Neste sentido, puxo como exemplo o caso de “parafusos que rompen aos poucos días da posta en servizo dun aeroxerador, aparición de substancias estrañas nos álabes dunha turbina ou nacemento de tubérculos no interior dunha tubaxe hidráulica”.

O equipo de investigadores do laboratorio—formado por 18 profesionais de alta cualificación—recibe mostras das pezas anómalas e sométeas a diversos estudos ata dar coa causa da incidencia. En todo caso, engaden, trátase sempre de casos relevantes



e complexos. Ademais, esta unidade dá soporte técnico ás centrais na análise de augas, de chans, de combustibles, de aceites, de graxas, de calcarias, de fibras, de compoñentes metálicos, de plásticos e doutros tipos de polímeros.

O obxectivo, indican, é coñecer as causas de acontecementos inesperados, sustentar tecnicamente reclamacións por deficiencias, analizar posibles investimentos, desenvolver

proxectos ambientais e optimizar o gasto operativo en procesos químicos.

Por outra banda, cabe destacar que os seus servizos son demandados por calquera planta do grupo Enel. Por iso, o 45 % do seu traballo correspóndese con peticións de fóra de España. En concreto, confirmou a empresa, a maioría dos traballos de procedencia estranxeira veñen de Colombia, Arxentina, Perú e Italia.

Prórroga de dous meses na actividade da central

A central de Endesa nas Pontes prorrogou por dous meses máis os contratos dos traballadores que manteñen en activo a mesma que está pendente de peche definitivo.

Fontes da compañía confirmaron que os contratos do persoal das empresas auxiliares e da propia central que se atopa desprazado dende finais do ano pasado foron estendidos ata finais de xullo.

Estes contratos vencían a finais do presente mes de maio e agora esténdense dous meses máis á espera da culminación dos trámites para proceder ao peche e desmantelamento da planta.

Este trámite, que a compañía enerxética ha realizado xa en media dúcia de ocasións, está orientado a manter operativa a central mentres non chega a autorización para o peche definitivo.

CARTA MENÚ DO DÍA BANQUETES

CASA MARAGATA
PENSIÓN + RESTAURANTE

TORRE - VILALBA Tel.: 982 511 201

MOBELRIAS

OS MOBLES QUE A TÚA CASA NECESITA

PLAmoble Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba



A residencia celebra o seu terceiro aniversario

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, compartiu os actos do terceiro aniversario da apertura do Centro de Atención a Maiores cos residentes, traballadores e familiares desta residencia. “Estou encantado de facer esta visita de novo despois de tanto tempo no que a pandemia nos impediu xuntarnos, e poder facelo ademais por un motivo tan bo, tan especial, como é a celebración do terceiro aniversario deste centro”, sinalou Tomé.

Durante toda unha semana, as 36 persoas que residen no Centro de Atención a Maiores de Pol disfrutaron das diferentes actividades. Fíxo-

se entrega dunha figura de Gundivós a Antonio e Amandina, dous residentes en representación do grupo de usuarios do centro e participaron no programa da TVG Land Rober.

Tivo lugar tamén un obradoiro artesanal e de cociña para a elaboración de gofres; xogos populares e unha visita das Mulleres Rurais de Pol. Celebraron o día grande cun pregón, coreografía, misa, sesión vermú, xantar con menú especial, concurso e cata de tartas, unha merenda amenizada pola asociación cultural Leña Verde e un baile con música de DJ Cristian. Non faltou a actividade Os Cinco Sentidos e un bingo.

Mosteiro volverá contar cun campus multideporte no verán

O Concello de Pol, en colaboración coa APSX Sagrado Corazón e o club Emevé, organizan para os días 27, 28, 29 e 30 de xuño, así como 1 de xullo un campus de multideporte que se desenvolverá na área deportiva de Mosteiro. Este está dirixido para nenos nados entre o 2010 e 2016. O campus será de 10 a 19.30 horas con almorzo, comida e merenda incluídos, e haberá servizo de transporte gratuito.

Serán cinco campus a celebrar de maneira simultánea, de fútbol, fútbol sala, pádel, baské e baile moderno e a maiores haberá actividades conxuntas como excursións, piscina, visitas de deportistas profesionais, tiro con arco ou uso e manexo de drones, entre outros. Todos os monitores son titulados nas súas disciplinas, e en tempo libre e socorrismo.

A inscrición ten un prezo de 100 euros, con desconto do 50% para os nenos empadroados en Pol, e 60% para irmáns. Coa inscrición entregarase aos nenos un pack con roupa deportiva que inclúe



dúas camisetas, dous pantalóns e unha gorra.

A folia de inscrición deberá ser entregada ao responsable de deportes de cada colexio ou club ou enviala a multicampusaxsc@gmail.com antes do 10 de xuño. Para máis información haberá que poñerse en contacto con Rubén ou Niky nos teléfonos 626 765 574 e 645 807 708, respectivamente.

O PP nomea a Nicole Grueira presidenta da xestora local

O Partido Popular refórzase en Pol nomeando a Nicole Grueira presidenta da xestora da agrupación local. Deste xeito, a dirección provincial continúa “buscando equipos que nos permitan ser a alternativa en concellos que, como este, precisan e demandan un cambio”.

Neste senso, a formación chairga, en coordinación coa provincial, dáse un prazo aproximado dun mes para configurar a nova estrutura de traballo de cara aos comicios do vindeiro ano.

O vínculo de Nicole Grueira co PP non é recente, pois forma parte tamén da dirección de Novas Xeracións Provincial. Ten 20 anos e estuda Ciencias Políticas na Universidade de Santiago de Compostela.

A nova presidenta da advirte do “estado de abandono” no que se atopa a rede viaria municipal do municipio e, polo tanto, reclama ao goberno local socialista “unha mellora das estradas que son titularidade do Concello. É necesario investir no mantemento e arranxo das carreteras, para garantir unha circulación segura”, sinala.



CICLOS SUPERIORES

- Administración e Finanzas
- Administración de Sistemas Informáticos en Rede



EDUCACIÓN DE ADULTOS

- Educación Secundaria para Adultos (E.S.A.)
- Bacharelato semipresencial



PARA UNHA STARTUP



CICLOS MEDIOS

- Atención a Persoas en Situación de Dependencia
- Electromecánica de Vehículos Automóbiles
- Instalacións Eléctricas e Automáticas



FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

- Informática de Oficina
- Mantemento de vehículos

CASTELÁN E GALEGO PARA INMIGRANTES

CUALE

- Formación complementaria en linguas estranxeiras: Nivel B1 de inglés

Rúa Cuart de Poblet, s/n
27800 Vilalba (Lugo)
Tel.: 982 870 860 / Fax.: 982 870 868
E-mail: ies.lois.pena.novo@edu.xunta.es
Web: www.iespenanovo.com
Facebook: iesloispenanovo
<https://www.edu.xunta.es/fp/#FPGalicia>




A Confederación estuda novas obras de depuración en Guitiriz

José Antonio Quiroga, presidente da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS), e Marisol Morandeira, alcaldesa de Guitiriz, mantiveron un encontro de traballo para abordar varios proxectos que completen a optimización do sistema xeral de saneamento e depuración do municipio.

As obras necesarias consisten na execución de distintas melloras a EDAR, como a instalación dun desarenador que evite a chegada de áridos á planta e distintos cambios no pretratamento que melloren a segregación e a retirada dos mes-

mos, todo iso co ánimo de evitar o desgaste prematuro das bombas da planta e dos bombeos á rede, entre outros traballos.

En relación ao sistema de saneamento, sería necesario o arranxo do colector da rúa Ferrocarril, de máis de 1 km de lonxitude, que presenta graves deficiencias e provoca verteduras recorrentes ao leito.

Estas actuacións complementarían as xa comprometidas a través do convenio de colaboración asinado o pasado 18 de marzo entre ambas administracións.

Abre o prazo para o Concilia Vacacións e os campamentos

O Concello de Guitiriz acaba de abrir o prazo para participar no seu programa de conciliación familiar para as vacacións de verán.

Esta actividade, que terá como punto de encontro o CEIP Lagostelle, desenvolverase en catro quendas: a primeira do 1 ao 15 de xullo, a segunda do 16 ao 31 de xullo, a terceira do 1 ao 15 de agosto e a cuarta do 16 ao 31 de agosto. Establecéronse dous horarios diferentes, o ordinario será de 10 a 14 horas e está dirixido só a nenos e nenas nados entre o 2013 e o 2018, e un extraordinario, que será a partir das 8:30 horas para todas aquelas familias que precisen unha xornada máis ampla.

O prazo para anotarse remata o 21 de xuño.

Tamén abriu o prazo de inscrición para os campamentos deportivos



que levará a cabo no mes de xullo e que están dirixidos a rapaces e rapazas de entre 8 e 16 anos.

Este prazo está aberto só para empadroados e rematará o próximo 10 de xuño. Hai diferentes opcións: o 8 de xullo haberá rutas en bici co club Btteiros Cova da Serpe, o luns 11 de xullo unha visita ao parque acuático de Cerceda, o martes 12 de xullo surf + kaiak en Barreiros, e, por último, o xoves 14 e o venres 15 organizarase unha saída ao Galipark de Padrón.

O Pleno aproba a bonificación do ICIO en tres proxectos sociais

O Concello de Guitiriz aprobou no pleno ordinario, por unanimidade, a aplicación da bonificación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) en tres proxectos de interese social.

Así, puideron beneficiarse desta bonificación: a obra de reparación, mantemento e actividade do balneario e do campo de golf, a rehabilitación da casa de Xosé María Díaz Castro como espazo museístico por parte da Asociación Xermolos, e, por último, a ampliación dunha explotación de vacún de leite.

O goberno local favorece así a execución destes tres proxectos que xerarán empregos, potenciarán o sector primario ou poñerán en valor o patrimonio do municipio. Este foi o obxectivo co que, no ano 2020, se modificara o ICIO, ampliando os su-



postos de bonificación co obxectivo de impulsar o sector primario e fomentar o emprego.

Tamén se aprobou a modificación temporal do réxime de adicacións e retribucións da concelleira delegada de Turismo e do concelleiro delegado de Xuventude e Deportes por baixa por maternidade da concelleira de Medio Rural, Medio Ambiente

e Réxime Interior.

Tamén por unanimidade foron aprobadas a modificación do inventario de bens municipais da porción de terreo encravado en parcela municipal no lugar A Raposeira-Santa Leocadia e a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola tramitación de expedientes e expedición de documentos administrativos.

Xa hai premios Vilariñas 2022

Teresa Ríos, Fran Fernández Davila (por Tomo) e María Álvarez Landesa (por Malandesa), foron escollidos como os Premios Vilariñas 2022, na súa VI edición.

Os premiados foron comunicados este 17 de maio, Día das Letras Galegas, e recibirán os galardóns no acto de clausura do II Festival de Poesía Guitirica conxuntamente coa entrega do Premio Díaz Castro de poesía, que terá lugar o próximo día 3 de xullo na Casa Habanera de Guitiriz.

Todas as Vilariñas participantes encherán este ano as farolas de

Guitiriz como parte das actividades do Festival de Poesía Guitirica.

Os premiados recibirán unha figura xa clásica da autoría da artista muxiá Viki Rivadulla que representa a unha muller galega cuns paxaros na cabeza. Cada unha das pezas é feita a man e ningunha é igual a outra, polo que cada peza é única.

As Vilariñas, consolidadas na súa sexta edición, constitúen unha orixinal mestura de micro poemas con imaxe que se están a converter nunha especie de haikus á galega.

Anuncian máis mobilizacións en Ingemar

As federacións da Construción de UGT e CIG piden á dirección da empresa Grupo Ingemar SL que tome nota "da contundente resposta da plantilla" aos despedimentos levados a cabo e que dea marcha atrás. O paro foi respaldado pola totalidade da plantilla "que amosou dese xeito a súa solidariedade e apoio aos 4 traballadores das serras e á traballadora das oficinas despedidas". De non ser así, os sindicatos anuncian a convocatoria de novas xornadas de mobilizacións.

AGRICOLA VERES



CLAAS



SERVICIO TÉCNICO PROPIO • 35 ANOS DE EXPERIENCIA NOS AVALAN

Avda. de Lugo, 11 - 27300 GUITIRIZ (Lugo)

Telf. 982 37 01 12 - Móvil 619 79 07 75 - info@agricolaveres.com

¡FELICES FIESTAS!

A Casa Habanera acolle unha exposición de Manuel Valcárcel

Ata o martes 21 de xuño, a Casa Habanera acolle a exposición *Auga. O sangue da terra*, obra do fotógrafo Manuel Valcárcel e que chega a Guitiriz da man dun convenio entre o Concello e Afundación.

A mostra, de entrada libre e gratuíta, pódese visitar de luns a venres en horario de 10 a 14 horas e de luns a xoves tamén de 16 a 18 horas. Enmárcase na iniciativa Cultura

por alimentos, que Afundación leva a cabo en colaboración con Festabal (Federación Española de Banco de Alimentos) e pola que se invita aos visitantes á exposición a que leven alimentos non perecedoiros que despois serán entregados a Cáritas. *Auga. O sangue da terra* realiza un percorrido pola relación do ser humano coa auga mediante fotografías dos cinco continentes.

Sonia López Díaz gaña a xincana turística polas parroquias

O Concello de Guitiriz realizou o sorteo da tablet, valorada en 300 euros, entre as persoas que completaron a primeira xincana turística polas parroquias do municipio, resultando agraciada Sonia López Díaz.

Nesta acción, coa que se pretende promocionar os recursos patrimoniais e naturais de Guitiriz, participaron ao redor de 10 persoas durante todo o mes de abril. Os requisitos para optar á tableta electrónica eran sacarase un selfie nos oito espazos turísticos do municipio



que se propoñían. Ademais, había a opción de entrar no sorteo do dous lotes larpeiros completando 5 das 8 localizacións pero este agasallo quedou deserto ao completar todos os participantes as 8 localizacións.

Volve o San Xoán

O San Xoán de Guitiriz xa ten listo o seu programa de festas que este ano terán lugar entre o 23 e o 26 de xuño cunha programación que organiza a asociación Ecce Homo en colaboración co Concello, a Comunidade de Montes San Xoán de Lagostelle e o colectivo empresarial.

As festas iniciaranse polo tanto o día 23, xoves, coa celebración da I Festa da Xuventude, que xa tiña anunciada a organización para a noite da fogueiras. Os actos darán comezo cunha sardiñada gratuíta a partir das 21.00 horas para dar inicio á medianoite á festa que se celebra baixo o título Dance Gold Edition, coa mellor música dos 90 e 2000 en macrodiscoteca.

Estarán DJ Frisco & Marcos Peón, DJ Celso Bayo e Hugo Leivas.

O venres 24, día grande da celebración, terá lugar o pasarrúas ás 10.30 horas co grupo Son's de Aldea, grupoi municipal de Gaitas de Guitiriz, grupo da Uned Sénior e Charanga Os Trileros.

Ao mediodía, sobre as 14.45 horas será a sesión vermú co trío Jake deixando para a tarde a festa dos nenos, que terá as 18.00 horas, com momento do inicio.

Esta mesma noite Jake repetirá na



verbena xunto á orquestra Costa Dorada. O sábado continuará a programación con máis pasarrúas a cargo novamente de Son's da Aldea e o Os Trikeros para deixar a sesión vermú ao cargo de Salsarena e a verbena co mesmo grupo máis Arizona.

A programación chegará ao seu final o domingo 26 con máis pasarrúas deixando a sesión vermú ao cargo da banda de música do Concello de Guitiriz. No apartado musical tamén estará o dúo Eclipse para a sesión vermú e para dar inicio á festa norctura ás 20.30 horas. Finalizará a celebración cun gran fin de festa, de dúas horas e media de duración, co grupo Beatriz.

Desmantelan os puntos de recollida de plásticos agrícolas

O Concello decidiu desmantelar os cinco puntos de acopio e recollida de plásticos agrícolas dos que dispón en Santa Cruz, Pígara, Mariz, Os Vilares e San Breixo. Tomou esta decisión tras constatar o mal uso que se está a facer destas zonas, depositando de xeito reiterado todo tipo de residuos impropios.

A administración local informou desta decisión á veciñanza a través dun bando municipal asinado pola alcaldesa, Marisol Morandeira, no que tamén se avisa que queda prohibido o depósito de calquera tipo de residuo nos mesmos.

Comezaron xa a inhabilitarse os puntos de Santa Cruz e Pígara e, posteriormente, continuarase nos de Mariz, Os Vilares e San Breixo.

En caso de incumprimento da norma, amparada pola Lei 6/2021 do 17 de febreiro de residuos e solos contaminados de Galicia, tramitarase a correspondente denuncia para atopar á persoa infractora.

Desde o Concello de Guitiriz solicítase a colaboración veciñal se se identifica algunha mala práctica neste sentido. "Rogamos que, se alguén ve a unha persoa depositando residuos nestes puntos, nos avise para así, entre todos, poder protexer e coidar do noso medio".



Festas Patronais de San Xoán 2022 ~Guitiriz~

23-24-25 e 26 de Xuño



ORGANIZA:



COLABORA:



Concello de
Guitiriz

Comunidade de Montes
San Xoán de Lagostelle

HOSTELERÍA, COMERCIOS, INDUSTRIALES
E AUTÓNOMOS DO CONCELLO DE GUITIRIZ



A Xunta colabora para dotar de abastecemento a Seixón

A Xunta colaborará co Concello de Friol para dotar de sistema de abastecemento a parroquia de Seixón.

A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, xunto co delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, trasladoulle recentemente este compromiso ao alcalde de Friol, José Ángel Santos, nun encontro de traballo.

O obxectivo é habilitar o servizo de abastecemento nos núcleos desta parroquia, máis concretamente, en Seixón de Abaixo e Seixón de Arriba, O Vilar, Sucampo, A Lagoa, O Covelo, Cela e A Abelaira.

Esta rede, que constará dun orzamento de preto de 200.000 euros, prevé o subministro para 256 habitantes destes lugares.

Ademais, a actuación tamén permitirá dar servizo ás granxas e explotacións gandeiras situadas nesa contorna, cuxas actividades económicas pertencen maioritariamente ao sector primario.

A Xunta continúa prestando o seu apoio técnico e económico aos concellos para que poidan exercer as súas competencias de saneamento e abastecemento de xeito máis eficiente e prestar servizos de calidade aos seus veciños.

O Concello executa obras no rural por un valor de 360.000 euros

O Concello de Friol realizará as obras de dous proxectos para o seu rural. Un deles é Pavimentación de accesos aos núcleos de Cima-devila, Montecelos, A Muraza, A Florida, Sixto, Anxeriz, As Fontes, A Cabana e O Cibreiro co que se pretende acondicionar os accesos aos núcleos de poboación referenciados, pertencentes ás parroquias de Narla, Trasmonte, Miraz, Anxeriz, Nodar e Silvela. A realización de estas obras supón unha importante inversión, superando os 180.000 euros.

Os accesos referidos están en mal estado por diversos motivos como as condicións meteorolóxicas, o paso de vehículos e maquinaria pesada, entre outras moitas, polo que a circulación normal de vehículos vese dificultada en determinadas zonas.

Outra actuación que se vai levar a cabo é a Mellora de viario municipal en Tralacorda, Seoane, Vilafiz, Gonce, Macedo, Folgar, Espiñeira, Cerracín, Vilapedre e Quintá, que pertence ás parroquias de Seoane, Vilafiz, Condes, Xiá, Guldriz, Vilalvite, Santalla de Devesa e Ousá. En estas obras



farase unha inversión de outros case 180.000 euros.

A necesidade pública a satisfacer con ambos proxectos é proceder á do viario mencionado, que presenta mal estado de conservación debido á súa antigüidade, uso e inclemencias meteorolóxicas sufridas co paso do tempo, polo que precisa unha rehabilitación.

Trátase de dous proxectos de mellora que afectarán a uns 58 km de estradas de titularidade municipal, nos que os traballos que se pretenden executar na maioría das estradas están destinados a limpar cunetas, sanear e drenar as zonas inundadas,

regularizar o pavimento e por último, tres regos asfáltico a todo trazado, noutras estradas, actuarase do mesmo xeito, coa diferenza de que neste caso e dadas as características particulares desas vías en concreto, serán pavimentadas con aglomerado en quente.

Xa se están a levar a cabo numerosas actuacións de reparación e pavimentación en diferentes estradas rurais, desde o punto de vista do alcalde insiste en levar a cabo este tipo de actuacións, que fan que os desprazamentos de vehículos e maquinaria poidan realizarse dun xeito máis cómodo.

O museo San Paio de Narla incorpora a perspectiva de xénero con Soterradas

O Museo Fortaleza de San Paio de Narla, en Friol, afonda na incorporación da perspectiva de xénero e social ao seu relato museolóxico e museografía coa inauguración esta tarde do proxecto de conservación, investigación e expositivo "Soterradas. A vida tralos mantelos, da fortaleza ao Pazo".

Distintos espazos e estancias do museo incorporan paneis informativos e fotográficos creando unha narrativa para visibilizar as desigualdades, de xénero e tamén de estamento ou clase, que sufri-

ron as mulleres da servidume que habitaban pazos, fortalezas e outros edificios de poder ao longo da historia e, por extensión, as mulleres que ocupaban os escalofóns máis baixos na xerarquía social.

Así, o percorrido polo museo incorporan paneis con fotografía do arquivo de Walter Ebeling -o historiador alemán que retratou a vida no rural galego entre 1928 e 1933-; documentos que acreditan a subordinación das mulleres da servidume en todos os ámbitos, incluída unha sentenza sobre

unha agresión sexual reinterpretada pola artista Luz Darriba; ou outros elementos como unha pezoira, empregada polas mulleres que tiñan que amamantar as crianzas doutras.

A xerente da Rede Museística Provincial Encarna Lago explicou "con este proxecto poñemos o foco no poder dos museos como ferramenta de transformación social se se traballa o territorio, o patrimonio e coa comunidade, dende a raíz poñendo as persoas no centro".

O alcalde será o vicesecretario de Concellos do Rural

O alcalde de Friol, José Ángel Santos, foi designado polo novo presidente do PPdeG, Alfonso Rueda, como vicesecretario de Concellos do Rural do partido a nivel autonómico.

"É unha alegría, é un orgullo que se conte cun alcalde do rural para esa Vicesecretaría e teño que agradecer a confianza que se deposita na miña persoa para ostentala", exteriorizou, á vez que prometeu "envorcar nas necesidades" do rural.

Santos afanouse en adiantar que "por falta de implicación e traballo non vai quedar". "E imos tentar facer un bo labor desde ese posto, facer cousas positivas e boas para os concellos rurais", engadiu.

En resumo, o alcalde de Friol avanzou que "se trata de ver as necesidades" deste medio, da que os rexedores destas zonas son "coñecedores". "Trátase de darlle un impulso (ao rural) con medidas que estimulen o sector primario no rural", dixo.

MEMBER OF
Dow Jones
Sustainability Indices
In Collaboration with RobecoSAM



Changing
Tomorrow
Now

ya llevamos 14 años
cambiando hoy el mañana

edp





As Pontes de
García Rodríguez

LABRADOIROS MEIGOS-SARDIÑADA POPULAR

ESPECTÁCULO DE RÚA "A NOITE DAS BOAS MEIGAS"

GRUPO ASSIA - DJ MANU CHADY



2022

IV NOITE MEIGA

23 DE XUÑO - 20:00 HORAS. CANAL IV



A Xunta e o Concello cotexan os procesos de reestruturación parcelaria

A Xunta e o Concello veñen de constatar avances nos procesos de reestruturación parcelaria abertos neste municipio lugués. Foi nun encontro que mantivo o conselleiro do Medio Rural en funcións, José González, acompañado pola directora da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Inés Santé, e polo director xeral de Defensa do Monte, Manuel Rodríguez, co alcalde, Francisco J. Balado.

Así, na reunión confirmouse ao rexedor que nas próximas semanas se contratará a elaboración das bases no caso do proceso de Viladonga, para identificar os propietarios e parcelas implicadas. Decretada o ano pasado, cabe sinalar que esta parcelaria abrangue unha superficie de 632 hectáreas.

Canto á reestruturación de Triabá tamén activa, o conselleiro en funcións apuntou que actualmente se

está a traballar no proxecto da rede principal de camiños, para adecualo ao estudo hidrolóxico solicitado pola Confederación Hidrográfica Miño Sil. Neste caso, a concentración afecta a unha superficie de 1.163 hectáreas, distribuídas nun total de 3.144 parcelas de 555 propietarios.

No encontro, tamén se tratou a anticipación aos incendios forestais e a prioritaria colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Castro de Rei para protexer as persoas e bens deste municipio lucense fronte ao lume. Nesa liña, cabe lembrar que o consistorio está adherido desde o 2018 ao convenio de protección das aldeas subscrito entre a Xunta, a Federación galega de municipios e provincias (Fegamp) e a empresa pública Seaga e ao que xa están incorporados un total de 273 galegos.

Comezan as obras para completar a renovación de beirarrúas

A Xunta comezou as obras para completar a renovación integral de beirarrúas en Castro Ribeiras de Lea, no municipio de Castro de Rei, que supoñen un investimento de 420.000 euros.

Esta actuación permitirá actuar na travesía da estrada autonómica LU-113 ao seu paso polo municipio, en preto dun quilómetro de lonxitude: desde o centro, á altura da praza de Galicia, ata a saída do núcleo urbano en sentido Abadín.

Os traballos contan cun prazo de execución de oito meses e teñen por obxectivo mellorar a seguridade para os peóns, especialmente nos puntos que presenten dificultade de paso para as persoas con mobilidade reducida ou carros de bebé, entre outros supostos.

Máis en detalle, as obras realizaranse na travesía da LU-113, entre os puntos quilométricos 5+070 e 6,



onde o tránsito peonil en ambas as marxes da travesía é moi intenso porque acolle numerosos servizos, comercios e equipamentos.

As novas beirarrúas construíranse cunha anchura igual ou superior a 1,80 metros en toda a lonxitude. Regularizárase a superficie e estenderase unha nova capa de zorra e outra de formigón, sobre a que se

asentará a baldosa antideslizante. Tamén se prevé nesta obra a ampliación e traslado dos sumidoiros ás novas zonas de ampliación e a mellora dos accesos aos garaxes.

Con esta nova intervención, a Xunta completa os traballos xa realizados no ano 2020, no tramo comprendido entre o quilómetro 3+820, á altura do camposanto, preto de Duarría.

A biblioteca inicia actividades de animación á lectura este mes

A biblioteca Poeta Crecente Vega de Castro de Rei prepara varias actividades de dinamización da lectura enmarcadas no Programa Ler conta moito da Xunta de Galicia que se impartirán en maio, xuño e setembro. A primeira delas xa tivo lugar e continuarán o día 20 de xuño coa actuación do mago Pedro Bugarín, tralo éxito acadado o ano pasado volve a Castro de Rei con un espec-

táculo novo titulado Galicia ilusiona coa maxia. Está dirixido a maiores de 6 anos.

Finalmente, o 15 de setembro terá lugar o contacontos Amadeo e as historias do galiñeiro, de Javier Gómez Lojo. Amadeo pasa o día rodeado de animais da granxa. Igualdade e amizade son os motores deste conto dirixido a nenos de 3 a 7 anos.

Preparan un libro sobre a obra de Francisco de Fientosa

Celebrouse no Concello os 110 anos do nacemento de Francisco Vega Ceide, Francisco de Fientosa, ao que os especialistas na súa obra consideran o Lorca galego.

Con este motivo, o Colectivo Egería co apoio da Xunta de Galicia e o Concello de Castro de Rei presenta o libro *Imos coller niños novos...*, a poesía galega de Francisco de Fientosa (1912-1936) nos cinco idiomas ibéricos: galego, castelán, vasco, catalán e portugués. "Imos coller niños

novos..." é o título e primeiro verso do primeiro dos seus poemas galegos. A obra comprende un exhaustivo estudo filolóxico e literario do profesor Xosé Otero Canto, poeta, catedrático xubilado de Literatura castelá, que naceu na Ponte de Outeiro (Castro de Rei), onde a súa traxectoria poética e vital se mergulla coas de Francisco de Fientosa e o seu curmán, destacado escritor tamén, Xosé Crecente Vega.

O estudo de cada un dos poemas de



Fientosa por parte de Otero Canto, foi publicado on line, e colleitados todos eles agora en libro para lembrar a obra galega deste grande esquecido escritor cando se cumpren 86 anos da súa alevosa morte.

xermade

Continúan este mes en Cabreiros as Xornadas Interxeracionais Rurais

Cabreiros comezou en maio unha nova edición das Xornadas Interxeracionais Rurais que chegan á súa XVIII edición.

Continuaron o sábado 4 de xuño para falar sobre modelos de vivendas alternativas e colaborativas coa participación de catro expertos e representantes doutras tantas empresas e organizacións do territorio peninsular. Detinaron a tarde ás experiencias de emprendemento no rural coa presentación do proxecto da granxa de cabalos Appaloosas Setepontes, de José María viveiro.

A seguinte cita será o 11 de xuño coa primeira sesión dedicada á saúde emocional, as pandemias, guerras e psicoloxía da resistencia: Estará ao cargo de Fernando Vázquez González, catedrático de psi-



coloxía clínica an USC. Rematarán a maña cun obradoiro de risoterapia con Araceli López Formigo. Tralo xantar terá lugar unha actuación de Mamá Cabra co espectáculo Paraíso Natural.

Os premios Xermade na Historia 2022 xa teñen dono

O xurado do VIII Premio de Investigación Xermade na historia outorgou o primeiro premio á obra *Cruces e cruceiros do Camiño Real da Carba*, presentado baixo o pseudónimo Penitencia e que corresponde a Alberta Lorenzo Aspres, doutora en Arquitectura pola Universidade de A Coruña. Conforme coas bases do certame, o premio a conceder é de 2.000 euros. A gañadora xa se levou tamén un dos premios Hume do ano 2021.

O segundo correspondeu este ano a Xabier Moure Salgado, funcionario da Xunta e Licenciado en Xeografía a Historia. A obra premiada foi *A morte no Concello de Xermade*, presentada baixo o pseudónimo Therion. Recibirá de premio 1.000 euros.

O xurado do Premio de Investigación Xermade na historia estivo composto por Roberto García Pernas, alcalde do concello de Xermade como presidente; José Manuel Felpeto Carballeira, presidente da Asociación de veciños de Cabreiros; os profesores Pablo Cancelo López, Lela Castelo Santaballa e María Luisa Barreiro Mejuto, presidenta do Ilescha, como especialistas. Actuou como secretaria Lucía Guizán Trastoy, educadora familiar do Concello.

O PP xermadés afirma que co PSOE “nada mellorou”

O Partido Popular analiza a xestión do goberno local de Xermade e conclúe que dende a chegada do PSOE “nada mellorou”. E é que segundo apuntan, “o concello está moito máis abandonado e os veciños pagamos máis impostos: auga, lixo, IBI, etc”. Ademais, afirman, “seguimos sen axudas para os sectores afectados pola pandemia, a pesares de que o noso grupo pediuno en varios plenos”.

Para os populares existe unha clara deixadez de funcións do rexedor socialista. Proba delo, subraian, é que “das poucas obras que se fan, estas eternízanse no tempo”. Incluso, sinalan, algunhas como a depuradora do Empalme, en Cabreiros, leva sete anos de aprazamentos.

A cooperativa Almoga recibe unha axuda económica para o impulso do chícharo da cova



Medio Rural da Deputación de Lugo colabora coa cooperativa chairega Almoga SCG nunha campaña de divulgación sobre o aproveitamento do chícharo da cova. Préstase apoio económico á iniciativa que está a desenvolver a cooperativa, dirixida a promover este cultivo como vía de diversificación produtiva das granxas e para incidir na necesidade dunha soberanía alimentaria real, tanto para a

poboación como para os propios animais. O persoal técnico da cooperativa ofrece asesoramento aos gandeiros e gandeiras asociados/as e a titulares de outras granxas que o demandan. O obxectivo da campaña é ofrecer alternativas que favorezan a rendibilidade das granxas nun contexto de crise, tanto polo aumento dos custos de produción como pola falta de relevo xeracional no sector.

- CONSULTORIO DE MASCOTAS E CLÍNICA DE ANIMAIS DE GRANXA
CO ANUNCIO RECORTADO 10% DE DESCONTO EN VACINAS E MICROCHIPS

CHAREGOS
SERVIÇOS VETERINARIOS

R/ Gabriela Nieto Chain, nº 20
(O Ramal) Rábade
Telf. 982 871 103

URXENCIAS
24 HORAS

JRoca
INMOBILIARIA

RP
ROCA & PRADO
ABOGADOS

Distriz, Vilalba
Casa / Chalet Independente | 3 Dorm | 1 Baño | 137m² 50.000€

En la parroquia de Distriz, municipio de Vilalba (Lugo), ofrecemos en venta una vivienda unifamiliar, independiente, en la que hay tres habitaciones, cocina, un baño, garaje para dos vehículos y varios alpendres. La finca en la que se ubica se aproxima a la hectárea de terreno. El conjunto se encuentra a unos cinco kilómetros del casco urbano de Vilalba.

Santa Cristina, Cospeito
Casa rural | 2 Dorm | 1 Baño | 60m² 20.000€

La casa esta dividida pero sin acabar. Dispone de pozo y tiene un poste de luz al lado de la casa.

Mato Vizoso 6, Vilalba
Edificio Residencial | 183m² 69.500€

En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende casa unifamiliar formada por planta baja, dos plantas y bajo cubierta, en la que hay tres dormitorios, un baño y un aseo, sala y cocina. A su vez, en la planta baja tiene dos dependencias amplias que se les puede dar distintos usos. La vivienda se encuentra en las proximidades de la torre de Vilalba.

Avenida da Terra Cha, Vilalba
Dúplex | 5 Dorm | 2 Baños | 185m² 149.000€

En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende dúplex en buen estado de uso, tiene en la planta baja: La cocina, sala, terraza, un baño, dos habitaciones y un trastero. En la planta alta hay un baño y cuatro habitaciones; pero una de ellas esta acondicionada como vestidor.

Chao Ledo 1, Vilalba
Piso | 4 Dorm | 2 Baños | 110m² 77.000€

En la localidad de Vilalba (Lugo), a unos 30 minutos de Lugo y Ferrol, 45 minutos de Coruña y de la costa lucense, se vende piso céntrico de 4 dormitorios y sala, 2 baños, cocina y ascensor.

Matareiro s/n, Vilalba
Terreno / Urbano (solar) | 2.544m² 65.000€

En Vilalba (Lugo), ofertamos un terreno de 2.500 metros, en el que se pueden construir dos viviendas unifamiliares, de planta baja y piso.

Billetes, Abadín
Casa rural | 3 Dorm | 1 Baño | 216m² 55.000€

La casa está habitable, tiene calefacción y los propietarios tienen más fincas en la zona si le interesase al comprador.

Basanta Silva 58, Vilalba
Local | 125m² 80.000€

En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende cafetería-bar, local situado en esquina. Tiene una planta baja de unos 75 metros y un entresuelo un poco más pequeño. Necesita pocas reformas.

Plaza de San Juan 5, Vilalba
Casa / Chalet Adosado | 3 Dorm | 1 Baño | 216m² 65.000€

En Vilalba (Lugo), plaza de San Juan, se vende edificio bastante céntrico, que da a dos calles. Se trata de un edificio a reformar, que tiene bajo y tres plantas.

Ploado Peña s/n, Vilalba
Local | 500m² 400.000€

En la calle Ploado Peña de Vilalba (Lugo), ofrecemos un local de 500 metros, con dieciséis metros de fachada. El local está acondicionado; pero a mayores el solar es edificable, bajo, 5 plantas más ático.

Villamartin - Ríocaveso s/n, Vilalba
Casa / Chalet Independente | 1 Dorm | 1 Baño | 102m² 85.000€

A tres kilómetros de Vilalba (Lugo), en dirección Meira, ofrecemos una vivienda independiente, a terminar por dentro de unos 100 metros cuadrados. La casa tiene la fachada en piedra y se ubica en una finca de unos 4.000 metros cuadrados, la cual dispone de pozo de agua, fosa séptica y luz.

Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco

**Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles
Comunidades - Penal**

Plaza de Suso Gayoso nº 14.- Bajo.- 27800 Vilalba (Lugo)
Carril de Catasol nº 1.- 1º A.- 27002 (Lugo)
Tfnos.: 982 510 257 - 600 828 720

www.rocaabogados.info
www.inmobiliariajroca.es

“O centro de día sería como poñer a guinda do pastel a este mandato”

O socialista Primitivo Iglesias é o alcalde da Pastoriza dende hai 15 anos

Pode facernos un balance deste mandato.

Para min o balance destes tres anos que van de mandato en xeral é positivo pois, a pesar da tremenda crise provocada pola panfemia do COVID-19, os diferentes departamentos municipais seguiron funcionando, aínda que nalgúns casos houbo que reconducir puntualmente algunhas actividades que, por sorte, a día de hoxe, xa volveron á normalidade. Fóra disto, que non foi cousa menor, realizáronse os proxectos previstos de entre os que cabe salientar algún como o aglomerado da estrada que une Bretoña con Riotorto por Luxilde e Espasante de Arriba. Esta obra foi financiada pola Xunta de Galicia, conxuntamente para os dous concellos, por un importe de máis de 160.000 euros. Hai pouco máis de dous anos púxose en marcha o Centro de Interpretación de Bretoña, que é un espazo onde se expón o pasado histórico da antiga diocese britoniense, os achados do castro de Súa e unha colección de envases de gasosas e aparellos relacionados con esta industria, que creo que é única en Galicia. Nos últimos meses inaugurouse un parque infantil na praza de Bretoña que foi financiado pola Deputación de Lugo. Evidentemente continuouse cos traballos de reparación e mellora do viario municipal e a construción de obras de servizos como as balsas contra-incendios e para usos gandeiros en Miñotelo, Fitoiro e Vián. No próximo ano acometerase a construción doutra nova balsa na parroquia de Corvelle. Tamén se acometeu a rehabilitación dalgúns edificios públicos e a súa contorna para mellorar a oferta de vivenda pública.

De que proxecto se sente máis orgulloso?

Todos os proxectos, por pequenos que estes sexan, son importantes, sobre todo se axudan a mellorar a condición de vida dos veciños e veciñas. Pero, se teño que escoller un en concreto, diría que é o Centro de Interpretación de Bretoña (CIN), xa que penso que é un fito que marcará un antes e un despois no coñecemento do noso pasado e

na proxección cultural e turística do noso concello. A isto hai que engadir as escavacións do Castro de Súa e a edición dun libro que analiza dende diferentes perspectivas o pasado e presente da Pastoriza e que tivo unha excelente acollida.

Qué quedaría por facer de cara a este ano?

Sempre quedan moitas cousas por facer, pero por desgraza, para a realización dalgúns proxectos que temos previsto hai que contar cunha solvencia económica ós que por si só o concello non pode facer fronte. Se teño que enumerar algúns deles, que están a punto de iniciarse, citarei a construción dun Centro de Estudos do Alto Miño en Fonmiñá. Neste mes de xuño agardo que se inicien e se rematen as obras de acondicionamento da estrada LU-P-4401, dende Muimenta á Pastoriza. Como continuación desta obra está en proceso de licitación a renovación integral da avenida Constantino Cabaneiro, cun traxecto de 1,5Km., que atravesa todo o centro da capitalidade municipal.

“Gustaríame ver realizada a ampliación do polígono e a instalación de pequenos proxectos empresariais”

Un dos proxectos do que máis se fala as últimas semanas é o centro de día. Que perspectivas hai?

O centro de día é unha obra moi necesaria e moi demandada por todos os veciños e veciñas do noso concello. Non quero ocultar que este proxecto sería algo así como poñer a guinda do pastel a este mandato, xa que a poboación da Pastoriza cada vez está máis envellecida e necesita —necesitamos— medios para atender, coidar, socializar e ter unha vellez digna tratando de mellorar a calidade de vida daqueles que o

precisen ou demanden. Agora todo depende de que a Xunta de Galicia nos conceda a subvención que temos solicitada, pois pola nosa parte temos os deberes feitos, é dicir, tras a adquisición do solar hai xa anos, presentouse toda a documentación necesaria incluído o anteproxecto. O meu desexo é que antes de rematar este mandato as obras do Centro de Día estean en marcha.

Continúa impulsándose o CIN de Bretoña? Que balance se fai destes dous anos e medio en funcionamento?

Non pode ser máis positivo. Primeiro porque está dando unha proxección turística e cultural á propia vila, ao Concello e, por extensión, a toda a Terra Chá; en segundo lugar, porque é unha maneira moi interesante de fomentar o turismo de proximidade e dinamizar a nosa contorna. Por dar un dato: a día de hoxe temos rexistradas arredor dunhas 2000 visitas.

Tamén hai un gran proxecto na zona de Fonmiñá. Fálenos un pouco do obxectivo que se persegue.

As obras do Centro de Estudos do Alto Miño en Fonmiñá están a punto de iniciarse. As expectativas son que para fin de ano estean rematadas, ou a piques de facelo. O obxectivo principal do proxecto é darlle un especial impulso ao espazo natural de Fonmiñá, que é, sen dúbida, un dos nosos emblemas paisaxísticos máis relevante, e símbolo da importancia do pai dos ríos galegos, que aquí bota a andar, xa feito un mozo, atravesando Galicia enteira, camiño do océano. Naturalmente é unha obra que nace coa finalidade de dar a coñecer a nosa riqueza hídrica e todo o relativo a flora e fauna que se desenvolve no entorno de Fonmiñá. Potenciar a faceta turística, a promoción e creación de expectativas de progreso no noso territorio para animar á xente (sobre todo aos máis novos) a coñecer o noso concello e se cadra tamén para vivir nel.

Traballouse no abastecemento de auga ás parroquias. Cales foros estes traballos?

O abastecemento de auga na Pastoriza é complexo e moi custoso, pois



estamos a falar dun concello cunha enorme carga gandeira, o que require unha especial atención ó correcto funcionamento do servizo municipal de augas. A parte dalgúns investimentos na ampliación da rede municipal, como o de Paraxes, o máis gravoso son os arranxos de numerosas avarías. A isto hai que engadir o elevado custo das estacións de bombeo, especialmente as do Carrizal e a de Fonmiñá. Por outro lado, pouco a pouco, vaise mellorando o sistema de xestión e automatización dos 19 depósitos, co fin de que os operarios do servizo de augas, dende o teléfono móbil poidan revisar o nivel de auga e outras incidencias varias.

Culturalmente estanse a recuperar varias celebracións como as feiras, o Lugnasad ou mesmo a da Bola de liscos e as freces. Quere seguir nesa liña?

A idea é que a celebración de todos estes eventos culturais volten á normalidade. Este ano volveuse celebrar con notable éxito a Festa da Bola de Liscos e as Freces, as feiras e mercados volveron á normalidade, e o vindeiro 25 de xuño celebrarse o Festival da Chaira en Baltar. O meu desexo é que o Lugnasad volte a celebrarse no seu lugar de sempre, como é o maravilloso Coto da Auruxeira.

Que plan hai para o Castro de Súa? Recentemente instaláronse paneis informativos con código QR, que levan toda a información sobre o castro. Por suposto, que no próximo outono, está previsto continuar coa

sétima fase de escavación e estudo. Qué outras necesidades ten o concello a día de hoxe?

Sempre son moitas e os medios para cubrilas chegan a pouco. Algunha destas necesidades xa quedaron enumeradas, sendo para min a prioridade o centro de día así como seguir perseverando na mellora da ampla rede viaria do noso concello, como por exemplo a mellora e aglomerado da estrada provincial, que vai de Reigosa-Hermida-Vián-Campo das Cruces-Paleira ata os límites co concello de Abadín, que actualmente presenta un estado lamentable.

Como definiría o Concello?

Este concello foi definido como un mar verde. E coido que esa é unha definición moi acertada. A base principal da nosa economía é a gandaría e por iso temos que estar moi atentos a todos os servizos que axuden a facilitar a vida e o traballo dos nosos gandeiros e gandeiras.

E a nivel industrial, cales son os plans?

Gustaríame ver realizados dous obxectivos fundamentalmente: a ampliación do polígono industrial e a instalación de pequenos proxectos que contribúan a dinamizar o noso escaso tecido industrial.

Un desexo para este ano.

O meu desexo para este ano e os que virán é que todos e todas volvamos a unha situación de normalidade, despois da terrible pandemia que acabamos de padecer, e que, a pesar das dificultades, miremos sempre cara adiante con optimismo.

GABINETE TÉCNICO AGROPECUARIO TERRA CHA
ENXEÑERÍA TÉCNICA AGRÍCOLA – SERVIZOS VETERINARIOS
 ENTIDADE DE ACONSELLAMENTO E XESTIÓN DO MEDIO RURAL
 CENTRO AUTORIZADO PARA A FORMACIÓN EN BENESTAR ANIMAL
Novas oficinas:
 Rúa Lois Peña Novo, Baixo nº3 - Vilalba
 Tlf 982 523 649 – 982 523 601
 619 41 53 56 – 650 61 12 60
ALÉN

Presentan o futuro Centro de Información do Alto Miño

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS) e o Concello presentaron o novo Centro de Información do Alto Miño que se construírá en Fonmiñá.

No seu aspecto construtivo procederá a reinterpretación de a arquitectura tradicional da zona. Volume sinxelo de planta rectangular e cuberta a dúas augas, con cachotería de cuarcita en fachadas, estrutura de cuberta de madeira e acabado exterior de lousa. Ademais, construírse unha sobre elevada para protexerse da auga, de madeira, similar ás pasarelas que abundan na zona.

Esta idea de deseño busca dous efectos principais, por unha banda, servir de lugar de contemplación da Charca Fonmiñana e a súa contorna, polo que se abre a esta zona verde, desde o interior, amplamente acristalado, e desde o exterior desde unha zona



cuberta.

Por outra banda, o edificio trata de ser unha "barreira" con respecto da estrada inmediata que percorre este espazo en todo o seu linde, dándolle as costas de maneira rotunda, e axudando a crear un espazo natural amable, funcional e tranquilo.

A edificación e o exterior foron proxectados evitando o impacto vi-

sual, primando e valorizando a riqueza natural e paisaxística da contorna; pensando en edificacións sinxelas e construídas con materiais da zona.

En canto ao deseño interior, contéplase simple e intuitivo, e dotado de tecnoloxía adaptada aos novos tempos, co ánimo de facelo atractivo para foráneos, visitantes e moi enfocado á comunidade escolar.

Aberto o prazo para solicitar as vivendas das vellas escolas

O Concello da Pastoriza abriu o prazo de solicitude de alugueiro das seis vivendas que foron rehabilitadas nas antigas escolas unitarias de Álvare, Bretoña e Crecente. O prazo permanecerá aberto ata o 16 de xuño.

A duración do contrato de alugueiro será dun ano prorrogable a cinco e deberá constituírse como domicilio habitual e permanente da persoa seleccionada.

As vivendas arréndanse sen mobles, contando coa instalación de auga quente, sistema de calefacción mediante estufa de pellets, cociña equipada con mobiliario baixo e electrodomésticos.

Primeiras confirmacións para o Festival da Chaira

Tras dous anos de seca este verán volverá celebrarse o tradicional Festival da Chaira, que organiza a Asociación A Chaira en Baltar, na contorna da área recreativa da praia fluvial da Riboira. Será o día 25 de xuño

Ademais de dar conta de que este ano volverá o festival, que acada a XVI edición, xa están as primeiras confirmacións, con Ruxe Ruxe, unha das referencias do rock galego, que ruxirá na Riboira co seu rock do país ategado de actitude punk e folk. Tamén estará po gru-



po a ritmo de Celtic Punk Tecor Societario.

Solicitan as axudas para o centro de día

O Concello da Pastoriza continúa adiante co seu proxecto de construción dun centro de día no que podan atenderse unha media de 40 persoas e que ten un orzamento de 750.000 euros.

Tras varias conversas negociacións, deu o seguinte paso, que consistiu na formación dunha solicitude á Xunta para unha subvención que permita sufragar boa parte deste proxecto.

Xa presentaron a documentación necesaria para optar a unha liña de axudas específica destinada á construción ou mellora de residencias

de persoas maiores e centros de día ofertada por un acordo entre a Fegamp, a Xunta de Galicia e o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

O Concello conta xa cos terreos para a futura edificación, trátase dunha parcela comprada para este fin en 2008 e que ten unha extensión de 5.600 metros cadrados. Foi aprobado por unanimidade en pleno o concurso para buscar un terreo. Está localizado e pleno centro urbano, na parte posterior da casa do concello e nas inmediacións do Punto de Atención á Infancia (PAI).



Remataron as obras na rúa José Yáñez García

Remataron as obras na rúa José Yáñez García, que consistiron na renovación dos servizos e a construción de beirarrúas. Os traballos leváronse a cabo en 70 metros de rúa e consistiron no cambio da rede de servizos de abastecemento de auga, telefonía, alumeadado público e rede separativa de augas pluviais e fecais. Estas obras contarán cun orzamento de 60.000 euros con cargo ao Plan Único.

Por outra banda, continúan cos la-

bores de mellora das instalacións e zonas públicas do termo municipal. Así, realizouse a limpeza e roza das ETAP de Fonmiñá e Carrizal; dos depósitos da auga de Pastoriza; da carballeira na praia fluvial de Baltar, IES Fonmiñá, colexio de Bretoña, campo da Aguada, escolas de Úbeda e Vián, entre outras. Tamén se instalaron bandas rugosas na Pastoriza así como o pintado do cruce coa estrada de Baltar.

RESTAURANTE PARRILLADA

O'Adro

COMIDA PARA LEVAR
COMIDAS DE EMPRESA, GRUPOS...

Ven a probar os nosos cocidos

O Adro, Lanzós 27816
VILALBA - LUGO
982 52 58 65 - 626 23 71 56

TIENDA ALIMENTACIÓN GOURMET
y Café Bar PUENTE

ESPECIALISTAS EN QUESOS, EMBUTIDOS DE LA ZONA Y BOTELOS DE FONSAGRADA

Todo tipo de productos para la matanza
CONSERVAS - MIEL - FRUTA - VERDURAS - CONGELADOS - VINOS - LICORES
TARTAS ARTESANAS - PAN FRESCO Y EMPANADAS POR ENCARGO - PRENSA DIARIA
BUTANO Y PROPANO (CEPSA Y GALP)

• ABIERTO DE LUNES A SÁBADO DE 10:00 A CIERRE • DOMINGOS DE 11:30 A CIERRE •

Todos los días del mes de junio, en nuestra cafetería cafés y cañas a 1€
Y con cada consumición puedes elegir la tapa que prefieras entre dos tipos.
En nuestra tienda, Agua Cabreiroá (Pack de 6x 1,5L) 1,99€.
Por una compra superior a 10€ en tienda este mes de junio regalamos una barra de pan.
En nuestra TIENDA leche 100% gallega 77CTS / litro (Llevando 1 caja)

¡La vida es bella!

CUMPLIMOS 55 AÑOS AL SERVICIO DE NUESTROS CLIENTES
Avda. Outeiro de Rei, 3 - Castro Riberas de Lea ☎ 982 310 084 - 649 031 971

A CIG presenta unha querela criminal contra Tegestacín

A CIG anunciou que presentou unha querela criminal contra a empresa Tegestacín, na súa factoría de Outeiro de Rei, "polo seu fraude co desmantelamento das instalacións".

Durante o mes de abril dende a CIG denunciaron publicamente a situación de inicio de desgüace das instalacións "o que tivo como consecuencia a paralización da mesma ó que se sumou o interese dun posible comprador".

"Sen embargo, o avanzado estado de desatención das instalacións, a retirada do material productivo conseguiu a perda de interese alomenos nesta fase. Lonxe de avanzar no procedemento concursal a empresa vén de retomar nesta semana a desmontaxe da maquinaria nas instalacións coa idea da venda completa a empresas de chatarra e sen garantías de repercutir os importes das operacións sobre as débedas actuais", indican.

Por este motivo dende a CIG e con persoal afectado polos impagos dos salarios e indemnizacións pendentes, instarase querela criminal por insolvencia punible, "posto que hai evidencias suficientes do delito que están a perpetrar os actuais administradores desta empresa". Do mesmo xeito, realizouse denuncia no posto da demarcación correspondente da Garda Civil diante da actuación de persoal alleo á empresa nas instalacións "no que está a supoñer unha clara operación en B desta empresa".

Dende a CIG instan a que dende a fiscalía se tomen medidas contra a situación "de impunidade e descaro coa que están actuando as persoas con responsabilidade neste entramado de empresas, pois en consecuencia estarase actuando a prol dunhas mellores garantías para as persoas acreedoras, entre outros, o persoal despedido", conclúen.

O BNG reclama que se cumpra a Lei de Transparencia

O BNG de Outeiro presentara para o pleno municipal celebrado o pasado venres unha moción para que o concello cumprira o que estipula a Lei de Transparencia e Bo Goberno, "e que neste momento non se está a cumprir", e que tamén se incorporara aos portais de transparencia da Xunta e da Deputación, que son de balde e onde non está presente o concello de Outeiro.

Dende o BNG puxeron exemplos concretos destes incumprimentos, sobre os que destaca "a falta total de información sobre os contratos públicos, pois neste momento só figuran cinco e todos con máis de dous anos de antigüidade. Ademais disto, o escurantismo é total en canto aos

movementos económicos do equipo de goberno, pois tampouco se publican as dietas que cobran os concelleiros e concelleiras (última relación do 2016) ou a propia declaración de bens do alcalde, onde a última existente é do 2011. A lei esixe que estes aspectos se publiquen anualmente". Afirmar que en canto aos aspectos normativos acontece o mesmo, pois os decretos que se presentan están obsoletos ou mesmamente derogados.

"Por se todo isto fora pouco, o propio portal está en inglés, cuestión que tamén contradí a normativa que obriga explicitamente que toda a información ten que ser facilmente accesible por toda a cidadanía.


Autorizan a construción de dúas piscinas e un centro BTT

Xunta e Concello de colaborarán na execución das obras de construción de dúas piscinas públicas e un centro BTT para bicicletas de montaña, cun investimento total previsto de máis de 1,1 millóns de euros. O obxectivo da intervención será dotar ao municipio dunha nova área deportiva e recreativa que terá como elemento principal o complexo acuático.

O Consello da Xunta autorizou a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Concello que permitirá acometer e incorporar ao patrimonio municipal as obras resultantes.

O ámbito de intervención correspóndese cunha parcela que ten unha superficie aproximada de 2.688 metros cadrados, localizada en Santa Isabel, preto da área recreativa do mesmo nome ao carón do Miño. O primeiro paso será a adecuación dos terreos nos que se proxecta o complexo, para de seguido acometer a construción das instalacións previstas e a urbanización do entorno.

A instalación central serán as dúas piscinas municipais ao aire libre, unha delas de uso infantil e a outra



para adultos, que contarán con zonas destinadas a usos complementarios así como para aseos e vestiarios de uso público e área de enfermería. A tal fin, o proxecto inclúe a construción dunha edificación que albergue, ademais das instalacións necesarias para dar servizo ás piscinas, estancias aptas para outras actividades. En concreto, unha cafetería con espazo para almacén, cociña e baños propios; e un centro BTT cunha zona taller para reparación das bicicletas, unha área exterior de

lavado e aseos de uso exclusivo e independente para os seus usuarios. O acordo autorizado hoxe enmárcase nos obxectivos do plan Hurbe, un programa impulsado pola Xunta no ano 2010 para axudar ás entidades locais a executar proxectos urbanísticos destinados á creación, mellora e humanización de espazos e infraestruturas de uso público e colectivo mediante acordos nos que se regulan as bases da colaboración técnica e económica entre Administración local e autonómica.

Volve a Feira de Artesanía o día 2

Tras a parénteses de dous anos obregada pola pandemia, o Concello de Outeiro de Rei organiza a que será a décimo cuarta edición da súa tradicional feira de artesanía que terá lugar o sábado 2 de xullo.

Un ano máis, as tradicionais seccións de artesanía e de produtos de alimentación buscarán ofertar ao público unha ampla mostra de artigos únicos de calidade de diferentes especialidades porque ao igual que nas edicións pasadas, o Concello de Outeiro de Rei tratará de dar cabida á maior variedade posible de oficios

e de produtos artesanais.

A tal efecto, o Concello de Outeiro de Rei abriu o prazo de inscrición para participar na feira de artesanía polo que as persoas que desexen asistir como expositores poden solicitar a súa participación no Servizo de Emprego e Desenvolvemento Local ou nos teléfonos 982 393 382/982 393 281, en horario de 9:00 h a 14:00 h.

O Concello de Outeiro de Rei ofrece aos expositores admitidos que non veñan co seu propio posto un espazo cuberto para expoñer (en jaimas ou

similar e sen custo).

Á hora de obter posto valorase a dedicación profesional á actividade artesanal ou alimentaria. Neste sentido, terán prioridade os talleres artesanais e as persoas dadas de alta na Seguridade Social e con carta de artesanía en vigor.

Igualmente, preténdese que na feira exista o maior número de oficios artesanais representados valorándose a calidade dos produtos, a presentación dos postos e a colaboración co Concello na realización de demostracións e talleres.

Asesoría Enerxética
Terra Chá

CONTRATACIÓN - RECLAMACIÓNS
SUBVENCIONS - AUDITORÍAS
ILUMINACIÓN LED
CERTIFICACIÓN ENERXÉTICA
INSTALACIÓNS FOTOVOLTAICAS

Praza da Constitución, 3 - Baixo. 27800 Vilalba (Lugo)
Tel.: 982 512 233 - info@enerxiaterracha.es - www.enerxiaterracha.es

GALENDUR STORE
PRIMER Y ÚNICO CONCESIONARIO DE MOTOS ELÉCTRICAS PARA LA PROVINCIA DE LUGO

ZERO e-broh

BENEFICIASTE DEL PLAN MOVES III CON UN DTG. DE HASTA 3.300 EUR. NOSOTROS TE LO GESTIONAMOS.

moves III

VERACILIZ DE VUE Max. 80 Km/h PARA CARNET B

INICIA TU CAMINO ELÉCTRICO

- 10 veces MÁS ECONÓMICA que una convencional.
- Mucho más limpio y silencioso.
- Prácticamente SIN MANTENIMIENTO.
- Pagarás MENOS IMPUESTOS.
- Recargable en CUALQUIER ENCHUFE.
- Subvención PLAN MOVES III de hasta 1.300 Euros.
- Amplia gama de Maxi Scooter, Naked y Deportivas.

Te llevamos la moto a cualquier punto de nuestra provincia. Servicio técnico en 24-48 horas para toda la provincia de Lugo.

O Pásate a vernos:
Taller y Exposición
Rúa Diego Pazos, 92-94
27600 - Sarria (LUGO)
Whatsapp 698.130.764

Llámanos al 982.876.725 o visita:
www.galenduro.es

O proxecto catastral A_Finca presentouse aos veciños

Muras acolleu unha reunión da veciñanza para informarlles sobre o proxecto A_Finca que pon en marcha a Dirección Xeral do Catastro no concello. Muras é o único concello de Galicia seleccionado polo Ministerio de Facenda e Función Pública para desenvolver este proxecto pioneiro e ten como obxectivo reforzar a seguridade xurídica dos bens inmobles e facilitar o posterior investimento en territorios con problemas de despoboamento. Precisamente un dos criterios determinantes na elección de Muras para a posta en marcha do proxecto é a súa baixa densidade de poboación, pois ten 3,8 habitantes por quilómetro cadrado.

O proxecto enmárcase nun reforzo ao investimento no territorio rural actuando en cada municipio a través de empresas, preferiblemente locais, para actualizar a información territorial co obxecto de crear un marco de seguridade xurídica para garantir o sostemento e a mellora da competitividade do sector agroalimentario, elementos para manter a



Presentación do proxecto aos veciños de Muras

poboación, o emprego e a actividade económica nas zonas rurais.

O obxectivo deste proxecto é dotar ao territorio rural da seguridade xurídica necesaria no ámbito inmobiliario para fomentar o desenvolvemento sostible en municipios con problemas de despoboamento. Mediante actuacións para facilitar aos veciños a correcta descrición dos seus inmobles no Catastro e iniciar, no seu caso, os trámites para a obtención dos títulos ante notario e a

inscrición no Rexistro da Propiedade, coa súa xeorreferenciación. Trátase de axudar aos territorios rurais, que sofren o devastador efecto do despoboamento demográfico e a perda de bens e servizos, onde as propiedades se abandonan e esquecen. Nestes ámbitos rurais resulta de gran importancia actualizar o Catastro de forma coordinada co Rexistro da Propiedade, garantindo entre ambas as institucións a actualización da delimitación gráfica dos inmobles.

Queixas por non incluír un acceso ao futuro polígono na mellora da estrada LU-540

A Consellería de Infraestruturas e mobilidade vén de iniciar o trámite de información pública do proxecto de mellora da capacidade e seguridade da estrada LU-540 (Viveiro-Cabreiros) por un prazo de 30 días, documentación que se pode descargar na páxina web e tamén consultar no concello de Muras, coa lista de propietarios afectados. O goberno local quedou “sorprendido” ao comprobar como non se incorporaron as demandas, que non eran outras que a conexión co polígono Industrial e o paso subterráneo nos Montes da Gañidoira, “propostas trasladadas previa á redacción do proxecto polo Concello de Muras, e que non se viron cumpridas”, segundo explica o alcalde da localidade, Manuel Requeijo. “Unha nova marxinación que demostra o escaso interese que a Xunta ten co noso concello, e en concreto co futuro económico da zona, no que non parece ter moita fe despois de desmantelar a pouca

industria que existe”, subliña. Tamén lamentan que non incorporen o paso subterráneo na Gañidoira, “unha obra moi necesaria para mellorar a seguridade do tráfico tanto na celebración da Feira do Poldro, para evitar que os peóns e os animais teñan que cruzar a estrada coma para os gandeiros e gandeiras con parcelas a ambas marxes no Alto da Gañidoira e así facilitarlles o seu traballo, o mesmo acontece có paso en altura no lugar de Furco. Unhas demanda que xa foran postas en coñecemento da Xunta, antes de iniciar a redacción do proxecto, e que desbotaron sen dar alternativas a este problema”. O equipo de goberno manifestou que na Xunta “sabían de sobra as cuestións a resolver na mellora da estrada, pero unha vez máis, informámoslle e alegaremos que o trazado proposto non é o máis axeitado para os nosos intereses, esperando que resolvan estas cuestións canto antes”.

I CONCURSO DE MÚSICA LOCAL

PARA GRUPOS, ASOCIACIÓNS, DÚOS, SOLISTAS... DO CONCELLO DE VILALBA

CALQUERA XÉNERO MUSICAL, CON LETRA E MÚSICA ORIXINAL

DATA LÍMITE ATA O 30 DE XUÑO DE 2022

PRIMEIRO PREMIO: 1.000€
GRAVACIÓN EN ESTUDIO
VIDEOCLIP

SEGUNDO PREMIO: 500€

MÁS INFO:
WWW.VILALBA.GAL

Concello de Vilalba

begonte

Tomé e o Cercud estudan a recuperación do muíño



O presidente da Deputación, José Tomé Roca, trasladou á directiva do Cercud de Baamonde a posibilidade dunha nova colaboración para a recuperación e posta en valor do antigo muíño situado neste espazo natural de lecer.

O mandatario provincial supervisou as instalacións da zona recreativa acompañado por diferentes membros do colectivo, que manifestaron o seu interese por recuperar o antigo muíño, situado ao pé da zona de baño. Tomé Roca asegurou que a Deputación estudará esa colaboración, para reparar o tellado do inmobile, unha axuda que condicionou a que o

colectivo consiga os permisos necesarios da Confederación Hidrográfica Miño-Sil e "de Medio Ambiente da Xunta, que xa levamos cerca de catro anos coa tramitación", subliñaron dende a directiva.

A iniciativa pretende converter o antigo muíño nun museo etnográfico do pan e completar así a recuperación e potenciación desta zona coa que colaborou a institución provincial para mellorar o seu estado, reforzando as mesas e bancos coa instalación de chantos e colocando pasamáns no valado perimetral para xerar un acceso ao recinto a través de portas.

AS ACTIVIDADES DO MES

COLOQUIO. O xoves día 9, ás 18.00 horas, levarase a cabo na casa da cultura de Begonte unha charla-colquio sobre Emprendedoras no rural. Como poñentes, acudirán María Varela-Portas (Xerente de Pazo de Vilane) e Carmen Lence (conselleira Delegada de Río Galicia), a súa vez conducidas por María Nieto.

un obradoiro de manexo do estrés e a ansiedade dirixido á poboación en xeral, que terá lugar o luns 13 de xuño na casa da cultura local entre as 16.30 e as 19.00 horas.

CAMPUS. O Concello de Begonte acollerá do 27 de xuño ao 8 de xullo unha nova edición do campamento de verán que contará tamén coa celebración do Campus Mixto de Fútbol Sala.

OBRADOIRO. Impartirase tamén

"A asociación nace co obxectivo de recuperar xogos tradicionais"

Xosé Lombardero é o coordinador do colectivo Xotramu

Muimenta recuperou este ano a XIV Festa dos Xogos Tradicionais. Volveron os xogos tradicionais e populares, que é o eixe da celebración pero o programa contou tamén con música, ceterría e unha exhibición con aves rapaces ademais dunha representación teatral e o aberto de billarda.

Xosé Lombardero explica os inicios da asociación.

Cando naceu a asociación e que percorrido tivo nestes anos?

A asociación naceu no ano 2009, entre un grupo de veciños de Muimenta que queríamos recuperar os xogos dos nosos antepasados e dalos a coñecer ás novas xeracións. A este pequeno grupo fóronse unindo unha ducia de persoas que colaboran, ano tras ano, tanto na festa dos xogos que facemos en xuño como noutras actividades. Hoxe en día forman parte de Xotramu catro persoas da xunta directiva e outras oito colaboradoras.

Cal é o obxectivo da mesma?

Esta asociación nace co obxectivo de recuperar xogos tradicionais, tanto da nosa zona como doutras, para logo mostralos ás novas xeracións ben sexa nos colexios aos que vamos ou nas distintas festas e romarías.

Que actividades realizan?

Visitamos os centros escolares ou institutos para mostrar os xogos, colaboramos con anpas para o mesmo, acudimos a festas, feiras e romarías, organizamos excursións e outras actividades, facemos anualmente a festa dos xogos tradicionais, tamén recibimos visitas tanto no Museo Pedagóxico da Vella Escola de Muimenta como no Museo das Zocas. Ambos museos atópanse no campo da igrexa vella de Muimenta onde podemos atopar diferentes árbores senlleiras incluídas no Catálogo galego das mesmas.

Este local é un referente.

Xotramu firmou, fai xa uns cantos anos, unha cesión da igrexa vella co bispado para rehabilitala e facer uso



dela con fins culturais. A raíz disto tamén foi cando se abriu o museo pedagóxico recreando a vella escola e, posteriormente, o museo das zocas.

Supoño que un dos eixes principais é a festa de primeiros de xuño, como xurde e que progresión tivo?

Efectivamente, é un eixe principal que non pode faltar. Dende 2009, celebramos a festa dos xogos tradicionais na primeira fin de semana de xuño. Nos primeiros anos tiña como escenario o recinto feiral Manuel Vila e, nos últimos anos, celebrouse no campo da igrexa vella. Nesta cita nunca faltan os xogos tradicionais, o aberto de billarda, música tradicional e moitas outras actividades relacionadas. Este ano, por exemplo, como se ve no cartel teremos unha mostra do voo de aves rapaces, títeres, etc.

Notaron un crecemento na afiliación?

Non existe un proceso de afiliación, somos un grupo de persoas que colaboramos nas distintas actividades e que a veces se renova, cambiando uns por outros.

Que proxectos teñen?

Ademais de continuar coas actividades mencionadas, tamén estamos abertos a distintas propostas doutras entidades: ben sexa teatro, concertos, presentación de libros... ou mesmo proxección dunha película como cando puxemos na sala de exposicións da igrexa vella O que arde e pos-

teriormente fixemos un coloquio con Oliver Laxe. Temos programada unha excursión para finais de ano e tamén a proxección dunha obra de teatro feita polos veciños fai moitos anos.

Que supuxo e supón a covid?

Para a nosa asociación supuxo a perda de actividades de xeito presencial. De feito no ano 2020 celebramos a festa dos xogos virtualmente, a través das redes sociais. No ano 2021, que se fixo presencial, houbo que ter en conta o tema de aforo ademais das medidas sanitarias.

Contan con axuda para manter o club activo?

Contamos con subvencións destinadas a asociacións como Xotramu para actividades culturais, para creación e mellora dos museos.

Que necesidades se lles plantexan?

Necesidades a nivel económico para seguir mellorando e poñendo en valor o noso patrimonio lúdico.

Están tamén integrados nun colectivo de ámbito maior. Que lles aporta?

Colaboramos con outras entidades, relacionadas co xogo tradicional, como é Patrimonio Lúdico Galego que se formou co obxectivo de recuperar os xogos tradicionais en Galicia. Responsables das diferentes asociacións galegas deseñaron un proxecto que propoñer á Xunta de Galicia para que se promocionen os xogos tradicionais nos distintos camiños da Ruta Xacobeana durante este ano 2022.



RENTA CAR

ALUGUER DE VEHÍCULOS **Vilalba**

Aluguer de:
**AUTOCARAVANAS
VEHÍCULOS INDUSTRIAIS
TURISMOS**

☎ 722 376 219 - 664 797 776

Rúa Castiñeiro P-11. Pol. Industrial Sete Pontes - Vilalba - Lugo

ATABERNA

DISFRUTA CON TUS AMIGOS NUESTRA
OLVIDATE DE TODO Y SABOREA BACIONES CARTA
LOS REVUELTOS DE BARRIL ALCO P
HAMBURGUESAS FRESCAS DE VERANO ENSALADAS SABOREAR TORTILLAS
PASTAS RAXO PATATAS
ALCO COMPARTIR TAPAS

T: 982 510 061
facebook/ataberna.vilalba
info@atabernavilalba.com
www.atabernavilalba.com

Achega para un viveiro de empresas e reforzo do transporte do centro de día

A Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación vén de conceder ao Concello de Cospeito unha axuda de 240.000 euros para crear un viveiro industrial de empresas no municipio. O proxecto contempla a construción dunha nave cunha superficie útil de 877,44 metros cadrados.

As novas instalacións albergarán unha zona de uso administrativo que contará cun bloque de oficinas e espazos de reunión; así como tres naves de uso industrial para alugar aos emprendedores interesados. O Goberno galego asume o 62% do investimento previsto, que ascende a 358.700 euros.

A achega está enmarcada na convocatoria para impulsar actuacións da construción, reforma ou equipamento interior de naves industriais para crear viveiros de empresas nos concellos galegos, dotada cun orzamento de 1,5 millóns de euros. A Xunta financia ata o 80% do custo cun límite de 240.000 euros.

Con esta orde de axudas, a Xunta busca mellorar a competitividade da oferta de solo empresarial galego como elemento dinamizador da economía e do emprego a través duns espazos físicos, os viveiros, que pretenden apoiar o nacemento de novas empresas de carácter industrial. Estas instalacións axudan, ademais, a dinamizar a economía dos concellos rurais, fixando emprego e poboación nestes territorios.

CENTRO DE DÍA. A Xunta de Galicia porá a disposición dos maiores usuarios do centro de día de Cospeito un segundo vehículo para reforzar o servizo de transporte. Con este segundo vehículo se atenderá mellor ás necesidades dos maiores que acoden ás instalacións, xa que dotarase ao servizo dunha maior flexibilidade para os desprazamento ás instalacións e o regreso aos seus domicilios. Así mesmo, explicou que este segundo vehículo dará resposta ao incremento de usuarios.

Convocados un novo concurso de debuxo e outro de caligramas

A Asociación Recreativa Cultural de San Martiño convoca unha nova edición do Certame de Debuxo Infantil A túa Caldaloba e do I Certame de Caligramas Constanza de Castro, ambos en colaboración con Culturalia GZ e Caldaloba.es co fin de reivindicar a relevancia histórica e cultural da Torre.

O Certame de Caligramas Constanza de Castro ten como obxectivo reivindicar a relevancia histórica e cultural deste emblema da Chaira, ademais de promover a creación artística. O obxectivo será crear debuxos con textos. Neste concurso poderán participar todas as persoas maiores de 12 anos cunha única obra que será en formato e temática libres. Para os menores de 12 anos está previsto o I Certame de Debuxo Infantil A túa Caldaloba con formato e temática libres.

O prazo de presentación para ambos os dous rematará o 24 de setembro e esta farase no correo



electrónico asociacionpino@gmail.com que se enviará en sobres respectando o anonimato do concursante.

O premio consistirá en senllos diplomas e 200 euros para o gañador e 100 para o segundo no caso dos caligramas e diploma e lote de material de debuxo para os pequenos. Os premios repartiranse durante a celebración dunha nova edición do Magosto Cal da Loba pero o fallo do xurado darase a coñecer con anterioridade, o 8 de outubro.

EN BREVE

QUEDADA. O grupo BTT Lagoa de Cospeito celebrará o 12 de xuño a cuarta edición da súa quedada anual. A sesión terá lugar a partir das 9.00 horas e haberá dúas rutas de percorrido, unha de 50 quilómetros con 900 metros de desnivel e outra de 40 con 700 de desnivel, ambas as dúas de dificultade media-baixa. Ademais, está organizada un xantar que será ás 15.00 horas.

BIBLIOTECA RURAL. A Asociación Recreativa Cultural San Martiño de Pino está a crear unha biblioteca rural na escola de Pino. Para poñer en marcha esta iniciativa, a asociación contou co doazón de libros por parte do CEIP Virxe do Monte.

FESTA DO LUME NOVO. A Asociación San Martiño de Pino celebrará o vindeiro sábado 18 de xuño a festa de Lume Novo na Veiga de Porto. Esta xornada festiva dará comezo ás 13.30 horas cunha misa solemne seguida da sesión vermú amenizada co Dúo Estrellas. Xa pola tarde será a actuación do grupo de pandereteiras de Pino e os xogos tradicionais a cargo de Xotramu, o acendido da cacharela e porá a nota musical e o peche final da festa o Dúo Estrellas.

*Hijos de
Ramón Rubal*

COMPRAMOS
MADERA
PINO Y EUCALIPTO

982 55 86 00

ASERRADERO Y APROVECHAMIENTO FORESTAL

DPTO. FORESTAL 665 69 72 99 - 671 72 22 42

www.hijosderamonrubal.es
alfoz@hijosderamonrubal.es

meira

Cultura recupera as grandes citas co San Xoán, as comuñóns e a carreira

Meira recuperará este verán a maior parte das súas citas anuais e comezarán por celebrar o día 19 de xuño as tradicionais comuñóns e novamente volverá haber alfombras florais para conmemorar dito evento.

Os integrantes da confraría Nosa Señora do Pedregal de Meira, así como os pais dos pequenos da zona e máis voluntarios, colocarán as súas alfombras florais na praza do Concello e na praza do Convento. Ademais, recupérase tamén este

ano a celebración do San Xoán, na tarde noite do día 23. A partir das 20.00 horas os veciños da localidade están invigados a degustar unha sardiñada e unha torreznada que se celebrará na praza Maior, animados pola música do grupo Loubánd. As fogueiras serán novamente as protagonistas desta celebración.

O concelleiro de cultura de Meira, Agustín Méndez, anunciou que moitas das grandes celebracións do verán volverán, como a xira, as festas patronais e mesmo a carrei-



ra popular, programada esta para o día 13. Aínda están a traballar na listaxe de eventos que se celebrarán atendendo á seguridade sanitaria e ás limitacións económicas.

abadín

Regresa o 11 a ruta cabalar ao San Antonio

A asociación de Cabaleiros de Labrada celebrará o 11 de xuño unha nova edición da súa Ruta Cabalar ao San Antonio, en concreto número IX, que dará comezo ás 10.00 horas con saída do Campo da festa de San Antonio de Labrada. Recupérase esta celebración tras dous anos sen facerse por mor da covid.

Como colofón da ruta celebrárase un xantar, ás 14.30, no campo da festa servido por Hermanos Debasa deixando paso pola tarde a unha sesión musical a

cargo do dúo Elixir. O prezo do xantar será de 25 euros.

Como en edicións anteriores haberá sorteos e agasallos para os participantes.

A asociación lembra que para acudir ao xantar non é necesario ir a cabalo pero si hai que anotarse previamente nos teléfonos 650 171 426 e 699 024 637.

A ruta non terá carácter competitivo e cada participante deberá responsabilizarse do seu cabalo.

Xa hai gañadores do certame Avelino Díaz

O colectivo cultural Avelino Díaz vén de facer público o resultado dos gañadores da quinta edición do Certame de Debuxo e Poesía do mesmo nome, convocado por los concellos de Meira e Riotorto.

Entre os máis pequenos, en debuxo, o vecendor foi Iago López López, seguido de Aitana Salgado Reimondo e Natalia Val Sánchez, con Primavera.

En poesía, na categoría de 9 a 12 anos, o traballo de Luna Lorenzo Teijeiro foi a gañador á que acompañaron Alejandro Reigosa Ramallal, e Alicia Linares González; con accésit para Álvaro López Boutafala e Celia Blanco Picón.

Na categoría C, de 13 a 17 anos, o gañador foi Pablo González Varela, seguido de Candela Miguélez Buján e Raquel Miguélez González. Tamén houbo un accésit para Martín Barreiro Varela.

Entre os maiores de 17 anos, o primeiro premio foi para Martiño Maseda Lozano. Tamén gañaron Espranza Mariño Davila e Manuel Rancaño Míguez con Na memoria. Deron un accésit tamén a Natalia Lema Otero. Os premios entregáronse o sábado 11 no centro sociocultural de Meira, a partir das 19.00 horas.

riotorto

O PSOE denuncia ao Goberno á Valedora por falta de transparencia

Os socialistas de Riotorto avanzan que recorrerán á Valedora do Pobo ante a falla de transparencia do Alcalde. "Comprobamos diariamente o constante torpedeo do PP para poder exercer o noso traballo como oposición", lamentaron os concelleiros do PSdeG.

Os socialistas explican que o pasado 19 de agosto do 2021 presentaron un escrito no rexistro no Concello para poder revisar os expedientes de contratación da obra de ampliación da rede de saneamento dende Mundin a Hortovello. E o pasado 29 de setembro do 2021, solicitamos coñecer o proxecto para a planta de residuos. "Pois ben, 9 meses despois destas dúas solicitudes, concretamente no día de onte, martes 10 de maio, puidemos acceder a comprobar estas expedientes. Esta é a demo-

cracia do PP e do Alcalde de Riotorto", critican os socialistas.

Por iso dende o PSdeG queremos lembrarlle a lexislación vixente sobre estas peticións. O artigo 14 de Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, puntualiza: tódolos membros das Corporacións Locais teñen dereito a obter do Alcalde ou Presidente ou da Comisión de Goberno cuantos antecedentes, datos ou informacións obren en poder dos servizos da Corporación e resulten precisos para o desenvolvemento da súa función. A solicitude para o exercicio do dereito previsto deberá resolverse motivadamente dentro dos cinco días naturais seguintes a aquel en que fose presentada.

Abre o proceso para a segunda fase do saneamento de Galegos

A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, trasladou o compromiso da Xunta de executar a segunda fase das obras para completar o saneamento da parroquia de Galegos, que suporán un investimento autonómico próximo aos 50.000 euros.

Vázquez Mourelle mantivo un encontro de traballo co rexedor lucense para abordar esta actuación hidráulica e concretoulle que Augas de Galicia asumirá a contratación e a execución das obras.

O obxectivo da intervención é dotar de saneamento as vivendas de Galegos que carecen deste servizo, concretamente as que se atopan ao sur da igrexa, pois as restantes xa se conectaron nunha primeira fase.

As obras, que contarán cun prazo de execución de 4 meses aproximadamente, consistirán na construción dunha rede de colectores que canali-



zará as augas dos inmobles cara a un punto de vertido onde se situará o conxunto de depuración.

Os colectores discorrerán polas marxes dos camiños e estradas do lugar e, na maior parte dos casos, debido á orografía e á dispersión das vivendas, tamén se desenvolverán por fincas particulares para axustar o trazado.

TAHONA GURRÁS

Gestas almuerzo

Un detalle ideal para calquer tipo de celebración

620417388

A Lareira

Taberna Galega Restaurante

Rúa do Sol, 4
27800 Vilalba, Lugo
Tel.: 982 512 842

Volven os campamentos infantís para este verán

O Concello organiza de novo este ano o programa Concilia en Rábade organizando varios campamentos e actividades que terán lugar nos meses de verán. O programa desenvolverase cumprindo todas as garantías sanitarias e de seguridade que a situación actual esixe. Unha das primeiras actividades será o campus de patinaxe, dirixido a nenos de entre 4 e 15 anos en horario de luns a venres de 9:00h a 14:00h e o prezo é de 20 euros. Impartirase os días 27, 28, 29 e 30 de xuño e o 1 de xullo.

Así mesmo, haberá un campamento urbano para os pequenos de 4 a 12 anos que se prolongará entre o 1 e o 15 de xullo co mesmo horario de 9.00 a 14.00 horas e con un prezo de 20 euros. Para a mocidade de ESO e 1º de BAC está previsto un campamento multiaventuras que terá lugar en viveiro e que se celebrará os días 22, 23 e 24 de xuño. Ten un prezo de 70 euros.

O Concello de Rábade ten previsto outro campamento máis, nesta ocasión de verán, que se desenvolverá do 11 ao 15 de xullo, tamén de luns a venres en horario continuado de



10.00 a 20.00 horas. Terá un prezo de 30 euros e poderán participar todos os nenos e nenas que cursen entre segundo e sexto de Primaria. Completa a programación uns obradoiros de manualidades e creatividade que se desenvolverán os martes e os venres entre as 17.00 e as 18.00 horas para nenos de 4 a 16 anos. Tamén de forma gratuíta, desenvolverase un taller que leva por título Coñecendo o Miño, a súa flora, a fauna... en piragua! Será os luns e mércores entre as 11.00 e as 12.00 horas para nenos de 8 a 16 anos. A actividade será os luns e mércores.

Tomé Roca reúnese co Goberno rabadense



O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, recibiu ao alcalde, Xosé Fernández Montes, e ao tenente de alcalde de Rábade, Alejandro Martínez, cos que mantivo un encontro para analizar as necesidades do municipio. Dentro desta liña de colaboración cos concellos, a Deputación destinou preto de 600.000 euros.

Así, neste ano 2022, a institución provincial destina máis de 195.000 euros ao Concello a través do Plan Único para a mellora de infraestruturas, creación de emprego e actividades culturais. En concreto, a institución provincial destina preto

de 150.000 euros á humanización da contorna da praza Castela, unha actuación importante para o día a día da veciñanza. Estes fondos do Plan Único tamén se destinan ao funcionamento do Servizo de Axuda no Fogar con máis de 20.000 euros, á creación de emprego con 17.500 euros ou a organización da cita cultural A Rabaca 2022, con 9.000 euros.

Outras das actuacións que se fixeron nos últimos meses foi arranxar a estrada LU-P-5102, na Rúa Músico Crisanto, cun orzamento de 150.000 euros e a renovación da Rúa José Pardo Montenegro.

EN BREVE

EXPOSICIÓN. A Casa do Concello de Rábade acolle unha exposición conxunta baixo o título *Dúas Artes*, con obras de Carlos Santos e José Luís Bibí. Durante un mes os veciños da localidade poderán coñecer a obra do pintor Carlos Santos e do escultor José Luis Abeledo, máis coñecido como Bibí. Eles chegan á comarca desde as terras do Deza.

DOAZÓN. Como peche das actividades financiadas a través do Pacto do Estado Contra a Violencia de Xénero realizadas (obradoiros de igualdade, Concerto de Rockeamos todas con Pakolas, entre outras) o Concello de Rábade realizou unha aportación de libros á biblioteca do Ceip Otero Pedrayo co fin de dar continuidade no centro a esta labor educativa enmarcada na educación para a igualdade. M^a Jose De Arriba Redondo, Concelleira de Servizos Sociais e Cultura do Concello de Rábade fai a entrega do material a Remedios González Cabarcos, directora do centro. Entre os exemplares entregados inclúense libros adaptados para infantil e para primaria co fin de cubrir todas as idades do centro educativo.

Inviste en Friol



CONCELLO
DE FRIOL

Bonificación do 95% do custe das licenzas de obra para novas empresas do Polígono e no Casco Urbano de Friol

DEPORTES

EN BREVE

PORTAS ABERTAS. A maior parte dos clubs de fútbol e fútbol sala da provincia abriron os procesos de inscrición para o próximo curso así como iniciaron as xornadas de portas abertas nas que se invita a todos aqueles que queiran a coñecer ao equipo a achegarse ao club para coñecer o seu funcionamento. Isto é así en diferentes equipos como o Vilalbés e o SD Outeiro de fútbol ou o Concello de Begonte, Lago DVSport, FSF Castro e Vilalba FS entre outros de fútbol sala. Hai que inscribirse previamente contactando con cada club.

CAMPUS DE FÚTBOL. O Rácing Club Vilalbés celebrará este verán a sexta edición do seu campus, que terá lugar entre o 27 de xuño ao 1 de xullo no estadio Roca dirixido pequenos nados entre o 2008 e o 2018 e novamente apadrinado por Roberto Trashorras. O primeiro prazo de inscrición xa pechou e xa están na segunda quenda, ata o 19 de xuño. Esta pode facerse nas oficinas do club ou a través das redes sociais. O prezo será de 100 euros para xogadores do club e de 120 para para foráneos. As prazas son limitadas polo que se recomenda a inscrición o antes posible.

Ascensos para o fútbol sala comarcal

O Outeiro de Rei, o Friol, o Vilalba FS e o Guitiriz xogarán o próximo ano na categoría superior

A final da liga trae cambios para os equipos do fútbol sala da comarca que logron subir de categoría. Así, o Outeiro de Rei logrou o ascenso a Terceira División tras vencer a domicilio ao Oural.

O conxunto chairego adiantouse ao final da liga unha semana para lograr o preciado ascenso, acompañando ao Korreo Guitiriz, que o conseguiu a semana anterior, o primeiro da comarca en asegurarse o ascenso.

O Outeiro de Rei sumou 57 puntos en 26 partidos, con 18 vitorias, tres empates e cinco derrotas, que o deixan no terceiro lugar da táboa clasificatoria. Colle esta praza xa que o Stellae, que é líder, non ascenderá. O equipo de fútbol sala San Xoán de Guitiriz, O Korreo FS, logrou o ascenso a Terceira División dende o grupo de Preferente Norte e como segundo de grupo. O seu obxectivo acadouse coa competición aínda sen rematar e tras vencer ao Oural no último partido con 62 puntos en total, 20 vitorias, 2 empates e 4 derrotas.

VILALBA. Fin de semana de clausura con dobre celebración para o Grupo Forma-T Vilalba, que logrou o ascen-



so do grupo B sénior a Preferente mentres que o A quedou campión galego na fase de ascenso a Segunda B.

A vitoria aplastante sobre o Outeiro de Rei B (10-3) deu matematicamente o cambio de categoría ao equipo que dirixe Ismael Vázquez Villares no seu primeiro ano da súa creación.

Pola súa conta, o Friol tamén festexou o ascenso matemático tras vencer a outro chairego, o Korreo Guitiriz B. Houbo festa polo tanto para o conxunto friolense, que dirixe Dani Villar Iglesias.

A dobre celebración do Vilalba foi por quedar o sénior A, que dirixe Quini, campión da fase de ascenso

galego.

O equipo vilalbés rematou a liga regular a primeiros de maio como segundos tralo Lugo Sala, do que estaban separados por dez puntos. Entrou nas eliminatorias para derrotar ao Sport Sala en semifinais e posteriormente ao Xove na fase final.

O Forma-T Vilalba aspira agora ao ascenso á Segunda División Nacional, onde só está representada a provincia polo Ribeira, grupo que engloba aos equipos de Asturias, Galicia e Castela e León.

O último pasiño dos vilalbeses darase o día 11 de xuño co partido de ida contra o Arenas de Manzaneda en Vilalba e o 18 de xuño en Oviedo.

FSF CASTRO. O FSF Castro fixo historia un ano máis e logrou facerse co título de campión galego en tres categorías, a xuvenil e a alevín femininas o Día das Letras Galegas na última xornada e en cadetes ao finalizar o mes en liga regular. Gran actuación novamente do conxunto feminino, que representará a Galicia na competición nacional.

DESPEDIDA. David Pena Roibás rematou o seu paso pola dirección do banco do equipo sénior do Concello de Begonte FS. O adestrador e tamén coordinador do club xa comunicara a súa decisión de abandonar o equipo sénior masculino antes de comezar esta temporada.

David volveu logo de que o equipo descendera a Preferente, conseguindo nesa mesma tempada quedar campión de liga e devolver ó Concello de Begonte FS á Terceira División e xogar os play off ao ano seguinte.

David deixa o sénior, pero non abandona o Concello de Begonte Fútbol Sala xa que seguirá formando parte da base e manterá o seu posto de coordinador do club.



O Club Atletismo Friol presenta aos seus deportistas e renovan a directiva no de Vilalba

O equipo de atletismo do CPI López Suárez realizou a foto oficial do presente curso escolar, na que preto de 50 nenos e nenas de dito centro educativo tomaron parte en diversas competicións por toda a xeografía do ámbito provincial e autonómico. O equipo, formado integramente por alumnos e alumnas do CPI Dr. López Suárez de Friol, estivo presente ao longo deste curso escolar en diversas carreiras populares, así como en torneos de campo a través e, sobre todo, en eventos de pista, tanto de aire libre como de pista cuberta, onde tiveron numerosos éxitos tanto

a nivel provincial como autonómico.

VILALBA. A asamblea extraordinaria do Club Atletismo Vilalba renovou a xunta directiva. Para esta sesión presentouse unha única candidatura, que foi eleixida por aclamación. Esta nova xunta directiva está encabezada por Antonio Luis Criado Rego, como presidente.

Forman parte Xosé Lois Paz Miragaya, como vicepresidente; Senén Rodrigo Villarino Paz, secretario, Javier Cendán Martínez, tesoureiro, e como vogais Zelin Spencer Conçençao e María José Trastoy Díaz.

O Vilalbés infantil xa é de Galega e o xuvenil de Nacional descende

Ascenso tamén para o Vilalbés infantil, que na última xornada fíxose coa única praza para a Liga Galega Infantil. O ascenso dos chairegos produxose nun final de liga agónico empatados a puntos co Polvorín pero coa vantaxe dun gol na táboa. Polo tanto, os goles foron os que decidiron os ascenso finalmente xa que o Vilalbés avultou o resultado ata o 11-0 na Madalena, mentres que o Polvorín fixo o mesmo na Polvareira pero só acadou un 8-1 que non foi suficiente para superar ao Vilalbés.

Esta boa nova contrasta co descenso do xuvenil dende a categoría de Liga Nacional á Galega o próximo ano, xa que este está último de grupo a falta dunha xornada.

RENOVACIÓNS. Os equipos de fútbol da comarca comezaron xa a notificar a continuidade do adestrador do equipo. Así, tres deles xa indicaron que a próxima tempada

manterán aos mandos do equipo o mesmo míster que esta.

Así Simón Lamas volverá dirixir o destino do Rácing Vilalbés por quinto ano consecutivo na que será a tempada número 14 en Terceira División.

Un dos primeiros en anunciar a renovación foi o CD Castro, que manterá un ano máis a Juan Peón ao fronte do primeiro equipo, de Primeira Galicia. Juan Peón continuará como Adestrador do primeiro equipo e coordinador de adestradores. Peón, o que foi segundo adestrados de Setién, disputou a tempada acompañado por Quique Prado e Abad.

Así mesmo, renovou a fronte do SD Muimenta o seu adestrador José Cendán Paredes, Basi, que seguirá aos mandos do equipo unha tempada máis. Cendán fíxose cargo do equipo esta tempada tras unha ausencia pequena, acompañado no banco por Jesús Vigo.

O loitador vilalbés José Cuba logra o decimoitavo título de campión de España



O loitador vilalbés José Cuba fíxose esta fin de semana co título de campión de España de loita na categoría sénior. Esta é a décimo oitava vez que acadada este distinción na súa carreira deportiva.

Tamén estivo presente no campionato o rabadense Martín Vázquez Diéguez, que se fixo coa medalla de bronce en 72 quilos de libre olímpica.

Por outra banda, o Club de Loita Vilalba acadou o primeiro posto na Liga Galega de Deporte de Base da Secretaría Xeral para o Deporte despois de loitar a fase final que tivo lugar no Pavillón Municipal de Oira en Ourense.

DEPUTACIÓN

Lanza un programa de apoio ao emprendemento feminino

Nace o programa Feminino Rural. Donas do Rural. Donas de Si, unha nova iniciativa que dará apoio, formación e asesoramento de maneira gratuíta a mulleres empresarias e emprendedoras do rural para que melloren o seu negocio ou poidan poñer en marcha con garantías a súa idea emprendedora.

José Tomé anunciou que a institución provincial financia este proxecto integramente cunha achega económica de 40.000€ a través dun convenio de colaboración que asinará nos vindeiros días coa Asociación de Mulleres Empresarias de Lugo (AELU), a entidade que desenvolverá as distintas accións.

Co obxectivo de chegar ao maior número de mulleres posible e facilitar a súa participación, todas as accións do proxecto faranse de maneira deslocalizada, nas distintas comarcas.

O programa Feminino Rural. Donas do Rural. Donas de si arrancará nas vindeiras semanas e prolongarase



ata finais de ano. Nunha primeira fase, organizaranse almozos de traballo conxunto nos que participarán 175 mulleres nas 7 comarcas. En cada comarca habilitaranse 25 prazas co obxectivo de “crear sinerxías entre os establecementos de cada zona, fomentando o intercambio de coñecementos e de experiencias entre empresarias e emprendedoras que beneficien ós proxectos individuais de cada unha”, detallou Tomé. Despois, haberá unha segunda fase

onde participe unha selección de 5 empresarias e emprendedoras por comarca que saíran das reunións de traballo. Polo tanto, un total de 35 persoas recibirán unha formación e un asesoramento personalizados, que irán dirixidos a mellorar o funcionamento, gañar competitividade e abrir novos mercados no caso das empresarias que teñan os negocios en marcha, e para constituír e arrancar a empresa no caso das emprendedoras participantes.

Reclaman á Xunta un plan de recuperación do Camiño Real

A Deputación de Lugo reclámalle á Xunta de Galicia un plan de recuperación integral, sinalización e promoción do Camiño Real na provincia de Lugo. Unha petición que foi acordada por unanimidade no Pleno ordinario de maio, ao aprobarse unha moción defendida polo PSdeG.

A voceira socialista, Pilar García Porto, pediu que o plan se aplique á totalidade dos concellos polos que transcorre o trazado, “e non de xeito parcial como se fixo nos traballos do 2017”. Ademais, a proposta recolle que a Xunta de Galicia, tendo en conta as achegas das administracións locais, deseñe accións de promoción do Camiño Real como atractivo cultural e turístico, ligado á promoción xeral das diferentes rutas do Xacobeo na provincia de Lugo.

Este itinerario entra na provincia por Pedrafita do Cebreiro, percorre os concellos de Triacastela, As Nogais, Becerreá, Lánchara, O Corgo, Lugo, Outeiro de Rei, Rábade e Begonte, e sae da provincia de Lugo por Guitiriz cara a provincia da Coruña. “A pesar das reclamacións, o Camiño Real de Lugo non ten acadado das autoridades da Xunta de Galicia a protección e a posta en valor que merece a súa importancia histórica”, subliñou.

O Pleno aproba un Plan de Medidas Antifraude para xestionar fondos europeos

O Pleno da Deputación aprobou na sesión ordinaria do mes de maio un Plan de Medidas Antifraude (PMA), dando así cumprimento a un requisito imprescindible para concorrer e executar Fondos Europeos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR). Un paquete de medidas -que saíu adiante cos votos a favor do PSdeG e do BNG e coa abstención PPdeG- que terá unha duración indefinida, será revisado de xeito bianual e estará integrado por un código de conducta, un comité independente e responsable e unha avaliación anual de riscos.

Entre os obxectivos do PMA está o de instaurar na Deputación de Lugo unha cultura antifraude e de “tolerancia cero” que dará lugar á formación de todo o seu persoal adecuadamente e permitirá previr, detectar, corrixir e perseguir calquera conduta que poida constituír fraude, conflito de intereses, corrupción, dobre financiamento ou irregularidade.

Os destinatarios deste Plan serán todos os empregados e empregadas da Deputación, altos cargos e autoridades, pero tamén toda persoa ou entidade que participe nos proce-

dimentos abertos pola institución e nos que se executen fondos do PRTR.

Tal e como explicou o Deputado de Promoción Económica, este paquete de medidas terá unha duración indefinida, será revisado cada dous anos e estará integrado por un código de conducta, un comité independente e responsable e unha avaliación anual de riscos onde serán obxecto de avaliación 129 cuestións que teñen que ver con subvencións, contratacións, convenios ou encargos a medios propios.

PORTA A PORTA. Por outra banda, a Deputación urxe á Xunta a modificar o programa Coidados porta a porta “e que se poña a traballar para garantir o acceso permanente aos servizos sociosanitarios para toda a veciñanza do rural da provincia”.

A Deputada de Economía, Recadación, Facenda e Contas, Mayra García Bermúdez, cualificou este programa “dunha nova operación propagandística na que o único que interesa é ter 8 autobuses preelectorais en ruta de aquí ao 2023 por Galicia”.



Conceden axudas para a dotación e mellora de servizos no rural

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou a concesión das subvencións convocadas pola institución provincial a través do Programa para a Dotación e Mellora de Servizos Comunitarios por un importe total de 300.000€. Esta liña de axudas de concorrencia competitiva estaba dirixida a entidades asociativas da provincia para a execución de obras destinadas a mellorar a calidade de vida da veciñanza do rural.

As achegas provinciais -que oscilan entre os 1.000 e os 6.000€- están dirixidas a entidades asociativas, tales como asociacións e agrupacións de veciños e veciñas, comunidades de usuarios e usuarias de augas, comunidades de montes ou asociacións de gandeiros, agricultores ou produtores forestais de toda a provincia “para realizar investimentos en inmoables ou para equipamentos

que melloren a calidade de vida da xente, e fomenten e dinamicen o asociacionismo veciñal”, explicou García Porto.

Son un total de 55 entidades asociativas de toda a provincia as beneficiarias destas subvencións, grazas ás que realizarán actuacións como a mellora, adecuación do firme ou sinalización de vías públicas comunais; obras de acondicionamento, reforma e ampliación dos locais nos que desenvolven a súa actividade; adquisición de equipamentos que resulten necesarios para o seu funcionamento; obras de mellora, reforma e reparación das infraestruturas e instalacións das traídas de auga comunitarias; construción de depósitos de auga comunitarios ou acondicionamento e recuperación dos existentes, e tamén as súas captacións, canalizacións e acometidas.

¿ACABANDO EL COLE?
SÍ!!!!
YA SE PUEDEN SOLICITAR LAS AYUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR
RESERVA YA PARA EL PRÓXIMO CURSO TUS LIBROS DE TEXTO Y CUADERNOS

LIBRERÍA CAMPUS
Nuestros años de experiencia nos avalan

BENEFICIASTE DEL DESCUENTO EN MATERIAL ESCOLAR TODO EL CURSO, COMPRANDO TUS LIBROS

Ronda Mercedes 45-47 LUGO (Zona Escola de Idiomas)
Tel.: 982 284 705 / libreriacampus@librosmil.es

TERRACHÁ



Continuarán a obra na vía da Pastoriza a Muimenta

A Deputación investirá 363.000€ para continuar coas melloras da estrada provincial LU-P-4401, que conecta Pastoriza e Muimenta pola parroquia de Reigosa. A Xunta de Goberno vén de aprobar a licitación destes traballos, que comprenden o inicio da vía ata o punto quilométrico 1,550. Unha vez iniciadas as obras, o prazo de execución é de 3 meses. Esta actuación contempla a dotación de novas beirarrúas, rehabilitación do firme, sinalización mediante marcas reflexivas brancas e melloras na iluminación coa reposición de elementos. Estes traballos complementan os xa iniciados nesta vía para arranxar, por tramos, o pavimento

de preto de 11 quilómetros e renovar a pintura de toda a estrada por un importe de máis de 300.000€, o que redundará na mellora da comodidade e seguridade da vía.

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, subliñou que esta é unha estrada "moi empregada pola veciñanza dos concellos da Pastoriza, Cospeito e Castro de Rei, pero tamén polas persoas que se desprazan pola comarca chairga". Engadiu que esta actuación beneficiará tamén aos usuarios e usuarias das instalacións deportivas ás que dá servizo, como o polideportivo e as piscinas municipais da Pastoriza ou o campo de fútbol do Acebreiro.

O GDR investiu 638.000 euros en axudas a 13 proxectos

A Asemblea Xeral da Asociación de Desenvolvemento Comarcal Terra Chá aprobou, entre outros, o informe anual do Leader do ano 2021, as contas anuais e a memoria de actividades do 2021.

Así mesmo, tamén se aprobou que a Asociación promova a realización dun Plan de Desenvolvemento Turístico no territorio do GDR.

No ano 2021 o GDR, con fondos Leader, aprobouse a concesión de axudas a 13 proxectos: 8 produtivos, 4 non produtivos de entidades locais e 1 proxecto non produtivo de entidades sen ánimo de lucro. O importe total de investimentos é de 1.300.000 euros, correspondéndolles unha axuda de 638.000 euros.

O investimento dos proxectos produtivos é de 1.077.000 euros cunha axuda de 456.000 euros. Os proxectos que recibiron axuda son a adecuación dun local para fabricación artesanal de xogos tradicionais, rehabilitación dunha adega para sidra, a creación dunha empresa de servizos industriais con drones, a creación duns apartamentos turísti-



Reunión dos alcaldes da comarca co GDR

cos, creación dun hotel de 2 estrelas, a construción dunha nave para almacén de madeira e a ampliación dunha clínica veterinaria.

Respecto ós proxectos non produtivos de entidades locais o investimento foi de 145.000 euros correspondéndolles unha axuda de 124.000 euros. Os proxectos non produtivos son o acondicionamento dunha vivenda social en Begonte, a reforma dunha antiga escola para telecentro en Riotorto, a construción de parques biosaudables en Castro de Rei e a ampliación do parque pe-

riurbano de Feira do Monte.

O proxecto non produtivo de entidades privadas ten un investimento de 75.000 euros e conta unha axuda de 58.000 e consiste na dixitalización e automatización dos procesos nunha residencia de maiores en Vilalba.

En tódalas convocatorias do Leader 2014 -2020 subvencionáronse 73 proxectos o que implica un investimento de 7.956.000 euros correspondéndolles unha axuda de 3.865.000. Supuxo a consolidación de 331 e a creación de 38 postos de traballo.

TELÉFONOS DE INTERESE

ABADÍN

Concello: 982 50 80 21
Garda Civil: 982 50 80 11
Centro de Saúde: 982 50 81 22

A PASTORIZA

Concello: 982 33 21 97 / 982 33 21 60
Garda Civil: 982 34 90 20
Centro de Saúde: 982 33 21 41

AS PONTES

Concello: 981 45 31 16
Policía Local: 981 45 31 91
Garda Civil: 981 45 00 05
Centro de Saúde (cita previa): 981 45 12 51

BEGONTE

Concello: 982 39 61 43
Garda Civil: 982 39 80 08
Centro de Saúde: 982 39 69 02

CASTRO DE REI

Concello: 982 31 40 34 / 982 31 41 32
Garda Civil: 982 31 40 02
Centros de Saúde (cita previa): 982 21 10 18
Castro de Rei: 982 31 42 11
Ribeiras de Lea: 982 31 11 14

COSPEITO

Concello: 982 52 00 01 / 982 50 40 57
Garda Civil: 982 52 00 17
Centro de Saúde (cita previa): 982 52 01 20
Feira do Monte: 982 50 34 69
Consultorio de Muimenta: 982 50 40 57

FRIOL

Concello: 982 37 50 01
Garda Civil: 982 37 50 02
Centro de Saúde: 982 37 10 98
Cita Previa: 982 37 10 05

GUITIRIZ

Concello: 982 37 01 09 / 982 37 58 00
Garda Civil: 982 37 00 01
Centro de Saúde: 982 37 21 10
Parga P.A.C.: 982 37 05 00

MEIRA

Concello: 982 33 01 02
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 35 69 27
Cita previa: 982 33 02 40

MURAS

Concello: 982 50 00 01
Garda Civil: 982 50 00 20
Centro de Saúde: 982 50 01 23

OUTEIRO DE REI

Concello: 982 39 32 81 / 982 39 30 55
Garda Civil: 982 39 00 05
Ambulancia: 982 23 16 13
Centro de Saúde: 982 39 25 98
Cita previa: 982 39 32 67
P.A.C.: 982 39 34 00

POL

Concello: 982 34 50 29
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 34 59 20 / 982 34 53 76

RÁBADE

Concello: 982 39 00 62 / 982 39 00 52
Garda Civil: 982 39 00 05
Centro de Saúde: 982 39 01 01

RIORTORTO

Concello: 982 34 62 22
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

VILALBA

Concello: 982 51 03 05 / 982 51 07 16
Policía Local: 982 51 07 67 / 608 08 00 50
Garda Civil: 982 51 03 07
Centro de Saúde (cita previa): 982 51 03 11

XERMADE

Concello: 982 50 10 01 / 982 50 20 03
/ 982 50 10 27
Garda Civil: 982 50 10 08
Centro de Saúde: 982 50 11 34 / 982 50 10 55

📞 Teléfonos: www.terrachaxa.com

TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias: 112
Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085
Garda Civil: 062

“Nos últimos tempos estase a producir maior concienciación”

Xabier Moure, voceiro do colectivo Patrimonio dos Ancares

O colectivo Patrimonio dos Ancares, aínda que centraliza a súa actividade principal na Montaña, está a traballar nos últimos tempos por toda a provincia, tamén na zona da Terra Chá, onde teñen catalogados varios xacementos arqueolóxicos, especialmente en Friol. Así mesmo ten denunciados danos en distintos restos, como nos de Cospeito. Falamos con Xabier Moure, que nos conta como xurde e traballa este colectivo.

Cando se creou o colectivo e con que obxectivo?

O colectivo fundámolo no ano 2011 co obxectivo de preservar e divulgar o patrimonio, tanto material como inmaterial, da comarca dos Ancares. Cando falamos da comarca, referímonos a cada un dos seus recunchos, non só a eses catro ou cinco sitios que sempre aparecen nas informacións, léase medios de comunicación, na rede, folletos...

Canta xente forma parte del?

Somos un grupo pequeno, cando a constitución acordamos que as persoas integrantes tiñan que involucrarse dunha forma activa. Nos seis concellos da comarca contamos con 23 persoas, e unha vintena de fóra.

Malia o nome Patrimonio dos Ancares, teñen un espazo de traballo máis amplo. A que é debido?

Galicia é unha mina canto a patrimonio pero, por distintas causas, hai concellos que foron menos estudados. O que facemos é tirar de mapa e mirar aquelas zonas onde os achados documentados son escasos ou inexistentes, e alá imos. Nos últimos anos, avisados por persoas amantes da historia, incrementamos as visitas a distintos lugares, tanto para comprobar a existencia de novos xacementos como para asistir a atentados patrimoniais que, por desgraza, continúan a ser frecuentes.

Cales son os principais descubrimentos que se fixeron?

Máis que descubrir, nós preferimos a palabra documentar. Produciunos moita ilusión cando documentamos os primeiros petróglifos da comarca no mes de agosto de 2013, ata ese momento críase que era unha zona erma. Dende aquelas levamos 27 grupos, entre outros os situados a maior altitude de Galicia (1.800 metros). A estes temos que sumarlle medio cento de mámoas, unha ducia de castros, tres xacementos de época romana, un par de asentamentos medievais, restos de tres capelas das que existía tradición pero ignorábase a ubicación, etc. Ata o presente tamén levamos recollidos máis de 1.200 nomes de penas (moitas con lenda asociada); aínda que un número importante desapareceron, temos localizadas unhas 500. Canto ao patrimonio inmate-

rial, levamos recollidas máis de 1.500 lendas e tradicións. Fóra da comarca dos Ancares, na provincia de Lugo, principalmente, e nas da Coruña e Ourense levamos documentados máis de 150 xacementos. Tamén algún no Bierzo.

Que cambios aportaron á historia da provincia?

No tocante á comarca dos Ancares, ata non hai moitos anos as referencias ao patrimonio eran escasas, limitándose case exclusivamente ao etnográfico, principalmente as pallozas, e o Camiño Francés de Santiago. Na actualidade, grazas ao traballo de divulgación que realizamos a través dos medios de comunicación, internet, libros, andainas, visitas, xornadas, etc. o abano amplíouse considerablemente. Como exemplo podemos poñer as moitas asociacións de fóra da comarca que se poñen en contacto con nós para visítala.

A principios do ano 2015 demos a coñecer unha variante do Camiño de Santiago que bautizamos como Vía de Künig, na honra dun monxe alsaciano que escribiu unha guía a Compostela no ano 1495 que, para evitar as nevaradas invernales, desviouse do camiño tradicional. Xunto coa asociación Val de Torés, das Nogais, realizamos charlas e andainas e presentamos a proposta ante a Xunta de Galicia para o seu recoñecemento. Ademais de comunicarllo aos Concellos por onde discorría, que descoñecían totalmente a existencia desta guía, por medio do daquela deputado provincial Manuel Martínez, alcalde de Becerreá, presentamos a proposta na Deputación de Lugo para recibir o seu apoio, que se produciu. Pero catro anos despois, cando o alcalde das Nogais viu que non lle pasabamos o camiño pola capital municipal moveu ceo e terra para levala por onde el quería a pesares de que nun primeiro momento, tanto o Xacobeo como a Confederación de alcaldes do Camiño Francés enviaron senllos comunicados á prensa criticando duramente ese proxecto composto tamén polos Concellos de Becerreá, Baralla, O Corgo e Lugo. Despois, cousas da política, mudaron o tono, ata o punto que a Xunta de Galicia comezou a inxectarlle cartos para sinalizar “o seu camiño”, algo inaudito cando nin sequera está aprobado. É como se lle comunicas a Patrimonio a existencia dun castro e danche cartos para escavalo antes de que os seus arqueólogos o comproben. Asunto, curiosamente, que ningún dos concellos cuestionou. Pero xa se sabe, neste país colectivos coma o noso pouco podemos facer contra certas manobras. É máis, sabendo como saben que se nós non deramos a coñecer esta variante hoxe

non terían nada, cóidanse ben de non nomearnos, non vaia ser que se lle caian as medallas.

E tamén en Cervantes...

Si. Tamén nos produciu moita satisfacción a declaración como BIC do Castro de Santa María, en Cervantes, proposta que realizamos xunto coa Anpa do CPI, contando tamén coa desinteresada colaboración da veciñanza da parroquia do Castro. Téñase en conta que dos preto de 1.300 castros existentes na provincia de Lugo, naquel momento só gozaban da máxima protección legal o de Fazouro e o de Viladonga. Cómpre aclarar que antes de facer a solicitude puxémosnos ao dispór do Concello de Cervantes para que a presentara pero, por motivos que se nos escapan, rexeitou. Iso si, cando se produciu a declaración o seu alcalde non tivo atrancos para aparecer nos medios e apropiarse o éxito sen citarnos para nada, tanto é así que tempo despois, cando a declaración como BIC foi publicada no Boletín Oficial do Estado, avisou aos medios para fachendear da “súa xestión” cando a publicación no BOE é un trámite administrativo obrigatorio que a Comunidade Autónoma lle ten que comunicar á Administración do Estado. No 2019 solicitamos á Dirección General de Bellas Artes, do Ministerio de Cultura, a declaración como BIC da Ponte de Cruzul, en Becerreá. Solicitámolo a este organismo porque, por discorrer por ela a antiga N-VI, pertence ao Estado, e aínda estamos esperando contestación.

Unha vez que se atopa algún vestixio, como hai que actuar?

O primeiro que facemos é documentalo o mellor posible, logo comunicámolo xunto cun breve informe a Patrimonio da Xunta de Galicia, que é a competente na materia, para que os seus técnicos comproben a súa existencia e procedan a catalogalo. A xente que sospeite que está diante dun xacemento aconséllamoslle que non o dubide e o comunique a Patrimonio ou ao Seprona.

Estase a protexer o patrimonio?

En absoluto. Segundo a Lei do Patrimonio Cultural de Galicia do 2016, os concellos teñen a obriga de velar por el e, no caso de agresión, comunicalo á Administración competente, neste caso á Xunta. Agás contadísimas excepcións a tónica xeral e mirar para outro lado. Por iso de non “molestar” ao veciño, non vaia ser...

Hai moita destrución logo?

Sen dúbida. Colectivos, asociacións e persoas a xeito individual que en Galicia nos movemos nisto alertamos á Administración correspondente ou ao Seprona con máis frecuencia da desexada, nomeadamente por agresións ao patrimonio arqueolóxico.



Malia isto, nos últimos tempos, ao menos na parte que nos toca, estamos a comprobar que se está a producir unha maior concienciación, de feito moitos propietarios de terreos avísannos antes de realizar calquera actuación cando cren que están diante dun xacemento, ou preguntánnos como teñen que actuar cando saben que hai un. Tamén se está a producir un fenómeno curioso. Moitas persoas que botaban chispas cando atopabamos un xacemento no seu terreo, agora, debido ao inzamento de éolicos proxectados na comarca, esas mesmas persoas preguntánnos se nas súas propiedades hai mámoas, petróglifos, castros ou calquera outro ben patrimonial para incluílos nas alegacións e evitar así os tendidos.

Que debería cambiarse?

En xeral, o problema non é a xente de a pé, as responsables son as políticas que se levan a cabo. Só que as Administracións fixeran cumprir a Lei do Patrimonio Cultural, con todas as súas eivas, as agresións reduciríanse considerablemente. Pero claro, hai leis e leis, unhas para cumprir si ou si, e outras, como a do Patrimonio, para ignorar; será porque non dá votos. Pero sen dúbida, o problema maior é o da concienciación, e isto tamén está en mans dos que mandan, en trasladar que un monumento por moi modesto que sexa é parte da nosa historia. Mire, por poñer un exemplo. Cando se produce unha pintada nun muro da catedral de Santiago non hai político que non condene a agresión, como debe ser. Pero, cantos aparecen cando unha máquina fai desaparecer unha mámoa? Quen lea isto dirá que non se pode comparar a catedral cun simple enterramento. Pois si, a catedral será máis grandiosa, máis chamativa arquitectonicamente, pero non menos importante que esa sinxela tumba.

Cales son as propostas do colectivo?

Nuns tempos en que todo se mide en termos económicos, apostar polas Humanidades é fundamental, non só válida para a Historia, a Filosofía, a Antropoloxía..., tamén aplicada a outras disciplinas como a Arquitectura, a Medicina, a Física... É unha forma de manter viva a tradición humanística europea. As Humanidades son fundamentais para formar unha cidadanía crítica, democrática e reflexiva para defenderse da “postverdade”, esa deformación premeditada da realidade tan presente na política pero que está

a callar en moitos sectores da sociedade. Cómpre que os partidos democráticos, co asesoramento de especialistas nas distintas áreas, o tomen en serio e se poñan de acordo canto antes. Como estamos a ver noutras partes de Europa e do mundo, mañá pode ser tarde.

Que plans de futuro teñen?

Para este ano xa temos feita a programación de actividades. En colaboración coa Anpa do CPI de Cervantes e a Deputación Provincial de Lugo celebraremos as III Xornadas de Arqueoloxía e Historia que dedicaremos ao románico da comarca. Tamén, xunto coa Anpa de Cervantes e o Concello berciano de Valboa, realizaremos a terceira edición da Ruta dos Castelos entre as fortalezas de Doiras, Valboa e Veiga de Valcarce. Tamén celebraremos os aniversarios da consecución do BIC para o castro de Santa María, no que realizaremos un bateo nun río para mostrar como se obtiña o ouro. Unha xornada dedicáremola a celebrar cunha andaina ata a Campa do Barreiro onde localizamos os primeiros petróglifos da comarca. Temos prevista unha serie de andainas pola Vía Romana XIX que en Galicia entraba polo concello de Cervantes e continuaba polos de Becerreá, Baralla, Castroverde, O Corgo e Lugo. Realizaremos outro roteiro entre A Braña (Veiga de Valcarce) e Riamonte onde aínda se conservan en moi bo estado varias explotacións mineiras de época romana. Posiblemente, este ano nos dea tempo de publicar os tres libros nos que estamos a traballar: Historia do concello de Becerreá; Mámoas, petróglifos e castros da comarca dos Ancares; e outro sobre toponimia. Temos moi avanzado o estudo duns documentos inéditos sobre a represión fascista na comarca durante e despois de Guerra Civil, entre outros a relación de máis de setenta falanxistas que realizaban “labores continuas de limpeza”. Todo isto sen deixar de lado co que máis desfrutamos: saír ao monte en busca de vestixios do pasado. Como excepción ao dito anteriormente, temos a Deputación Provincial de Lugo quen, por medio da Reserva da Biosfera dos Ancares Lucenses, está a involucrarse na posta en valor dos bens patrimoniais que lle solicitamos, sexa na sinalización e limpeza de xacementos, en publicacións, na organización de xornadas, etc. Sen a súa axuda resultaría complicado levar a cabo moitas iniciativas.

COLABORACIÓNS

Memoria Viva

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Nesta mesma columna témonos referidos a persoas falecidas, os cales deixaron unha importante pegada na nosa bisbarra; homes e mulleres que naceron aquí, que marcharían fóra para formarse e gañar un futuro, que retornaron algúns, pero sempre fixeron patria alá onde estivesen.

Aquí temos falado do crego Xosé Manuel Carballo, do profesor Bernardo García Cendán e de escritores por todos coñecidos e recoñecidos, como Manuel María, Díaz Castro, Trapero Pardo, Chao Rego ou Darío Xohán Cabana.

Servidor, desde a humildade e a distancia, víase na obriga de dedicarlle unhas palabras a quen nos acababa de deixar recentemente, pero tamén a aqueles que xa había un tempo que non estaban con nosoutros. Obrigada lembranza para todos eles, porque suscitaban admiración, xa que en tempos moi difíciles foron quen de comprometerse coa lingua e a cultura, co País e coa súa xente, un compromiso que podía traer consecuencias negativas.

Os citados son un exemplo dese repetido talento chairego, que é motivo de orgullo e satisfacción, como dicía aquel que saía a falar nas noites boas e que veu dar unha volta hai uns días por Sanxenxo.

Pero tamén neste mesmo medio, non aforramos palabras para



aqueles que afortunadamente están vivos, os cales tamén forman parte dese talento ao que nos referiamos. Aquí dedicámoslle algún artigo á muller dos Vilares, Pas Veres, polo seu magnífico traballo recopilado en *Lareira de Soños*, a Xosé Manuel Felpeto, de Cabreiros, pola súa primeira novela, *O Pau de Ferro*, a Alfonso Blanco – un dos imprescindibles- e a alguén

máis que coas súas iniciativas en diversos campos, contribúen a darlle un valor engadido á nosa Terra Chá. Incluso, ata un se permitiu o luxo, sen caer na vanidade e fóra de toda soberbia, de falar da súa propia creación. Porque é a memoria viva, a representada polos que foron, pero tamén polos son e acreditan méritos de abondo para ser valorados en vida.

E un grandísimo exemplo dos que están é, sen ningún xénero de dúbidas, Xesús Rábade Paredes. De Seixas (Cospeito), lugar onde naceu no ano corenta e nove, tivo que ir á capital como moitos outros centos de rapaces para estudar e acadar un mellor porvir. En plena ditadura, onde o idioma propio tiña que quedar na porta do instituto e calquera actuación que se saíse do establecido podía

ter importantes consecuencias para quen as levase a cabo, sendo a rebeldía era unha actividade de risco elevado. Como moitos outros galegos, coñeceu a emigración, no seu caso, en Suíza. E posteriormente, desenvolveu a súa labor profesional como profesor. A vida levouno a atoparse nos Ancares con outra grande, Helena Villar Janeiro, a que sería a súa perenne compañeira. Rábade Paredes é un dos grandes da literatura galega; cultivou a poesía, a narrativa, o ensaio e ata as traducións, sen esquecer que conxuntamente coa súa muller realizou importantes traballos, sendo galardonado en destacados premios literarios.

En definitiva, un dos expoñentes do que denominamos memoria viva, que foron, pero que aínda son e por suposto, serán. Sempre.

O derradeiro barco de Mincho

DE FOLIADA EN REIGADA



Moncho Paz

As Letras Galegas están de loito este ano. Foise Mincho. Falar de Domingo Villar, finado o pasado 18 de maio aos 51 anos debido a unha hemorraxia cerebral fulminante, é falar da ría de Vigo e da novela negra como xénero literario, por nacemento e por vocación. Namorado da cidade olívica que o viu nacer en 1971, o seu vencello coa urbe non foi só por familia, senón tamén por propia elección, como escenario de enredos e intrigas. Domingo exerceu sempre de “vigués universal”, navegando aos catro ventos e reivindicando con paixón o setentrión xeográfico e magnético. Unha lamentable perda, pois era unha gran persoa e deixa unha fonda pegada entre os que tivemos a sorte de coñecelo.

A pesar da súa curta traxectoria literaria, foi autor dunha triloxía de éxito, que comezou en 2006, cando publicou o seu primeiro traballo ‘Ollos de auga’. Mais foi realmente co segundo, ‘A praia dos afogados’ (2009) cando se consagrou no panorama estatal e internacional da novela negra, acadando sona mundial cun gran recoñecemento da crítica e superando con creces os obxecti-



vos de vendas da súa editorial. Tras un parón voluntario de varios anos, asociado fundamentalmente ao pasamento do seu pai, en 2019 saíu do prelo ‘O último barco’, título da súa derradeira novela publicada. “Un libro de maduración tardía. Levoume dez anos escribilo porque non me convencía demasiado o primeiro que fixen”, dixo en certa ocasión. Nesta obra definitiva recupera a figura do inspector Leo Caldas como protagonista, un personaxe que –ademais da súa profesión de policía- tamén amosaba a súa paixón polo viño albariño e polo mundo da radio. Coa nocturnidade, habitual característica mentres resolvía os seus casos, como ten que ser. Non era difícil adiviñar o paralelismo autobiográfico co autor da novela. Á marxe das tres obras de referencia, Villar deixounos tamén ‘Alguns contos completos’, cos que pretendía “celebrar a vida e a amizade nun encontro, como nas nosas reunións

de amigos”, segundo confesaba. Domingo –Mincho para os achegados- foi un dos nomes máis importantes do país neste xénero e un auténtico supervendas. E non só dentro do territorio nacional, pois tanto ‘Ollos de auga’ como ‘A praia dos afogados’ foron traducidas a máis de quince idiomas, levando as rúas da súa prezada Vigo natal máis aló das nosas fronteiras. En 2014 realizouse a adaptación ao cinema de ‘A praia dos afogados’, dirixida por Gerardo Herrero, que contou con localizacións en Vigo, Nigrán e A Garda, así como cun amplo reparto de actores no que atopamos a Carmelo Gómez, Tamar Novás, Celso Bugallo, Celia Freijeiro, Marta Larralde, Luis Zahera, Carlos Blanco, Ernesto Chao, Belén Constenla ou Fran Peleteiro, entre outros.

Celtista de corazón, Domingo autodefiníase como “un pesimista alegre”. Grazas ás súas obras, recolleu un gran número de recoñecementos, como o Novelpol en dúas ocasións, o Antón Losada Diéguez, o Premio Sintagma, o Premio Brigada 21, o Frei Martín Sarmiento ou o Libro do Ano da Federación de Libreros de Galicia. Tamén foi finalista doutros importantes galardóns coma os Crime Thriller Awards e Dagger International no Reino Unido, do premio Le Point du Polar Européen en Francia e do premio Martin Beck da Academia Sueca de Novela

Negra.

Paradoxos da vida, hai tres meses Domingo Villar recibía na súa cidade natal o título de Vigués Distinguido por parte do Concello, en homenaxe a unha traxectoria literaria na que Vigo sempre estivo nun lugar moi especial; mais a súa recompensa máis doada foi, sen dúbida, a súa

lexión de lectores –entre os que me inclúo- e o gran éxito co que conquistou ao público como autor. Un grande das nosas letras que nos deixou sen previo aviso. A túa mesa da taberna Eligio queda triste e soa, coma o pazo de Fonseca. Descansa en paz, Mincho. Ata sempre e boa singradura!!!

O RECUNCHO DE CANELINA



Correspondencia entre Manuel María e Gabriel Aresti (I)

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

Con permiso do sufrido lector e da Dirección deste periódico, quixera dar a coñecer, mediante este artigo e outros tres mais, como empezou a amizade e a relación epistolar entre estes dous grandes poetas. Sinto non haber coñecido ao poeta vasco, pero si tiven a sorte de coñecer e tratar ao poeta chairego. Trouxémolo moitas veces a Euskal Herria, á que sempre estaba disposto a vir e na que tiña grandes amigos, como o cantautor Mikel Laboa, Gabriel Celaya e a súa compañeira Amparixu; o escritor Koldo Izagirre, o historiador quirogués Xosé Estévez e o gran poeta éuscaro Gabriel Aresti Seguro, con quen tivo unha corta pero interesante correspondencia e unha grande amizade. Diciame, cando chegou a tecnoloxía dixital, os correos electrónicos e as redes sociais, que todo iso remataba con unha fonte historiográfica moi importante, como son as cartas recibidas e enviadas polo correo postal. Tenme falado, nas nosas conversas á veira da ría do Nervión, que soubera de Gabriel por medio do estudante monfortino Suso Buxan quen lle dixo que en Euskadi había un poeta moi bo e que lle deixara o primeiro libro da Trioloxía da Pedra, Harri eta herri (Pedra e pobo), que supuxo un xiro definitivo nas letras vascas e tamén afirmou isto nunha conferencia o 13 de decembro de 1985, organizada pola Asociación Cultural Rosalía Castro de Barakaldo, co gallo do décimo aniversario do pasamento do seu amigo.

Sen embargo na primeira carta a Aresti, do 3 de maio de 1969, di que lle enviou "un amigo Maxistrado que ten na Audiencia de San Sebastián e que xa lle oíra falar da súa poesía a Xesús Alonso Montero". Sexa como fose, o libro causoulle unha gran impresión e decidiu escribirlle esa carta e enviarlle por correo postal, esa mesma mañá, "algúns libros que xa non se atopaban no mercado: Advento, Documentos pessoais e Mar maior, ademais de Cancións para un agromar branco i azul, de Lois Diéguez e Inquedo latexar, de Neira Vilas. Dille que teñen en prensa Terra



de Ningures, de Celso Emilio Ferreiro e que non lle pode mandar un disco cos seus poemas propios, editado por EDISA, de Barcelona porque so ten un á man".

Dille que "HARRI ETA HERRI, é para min, un libro realmente impresionante. Creo que vostede é un dos mellores poetas peninsulares, xunto con Salvador Espriu e co noso Celso Emilio Ferreiro" e remata dicindo que "Agradeceríalle me tivera ao corrente do que editan vostedes. E celebraría moito poder coñecerlo persoalmente para falar largo e tendido".

A resposta de Aresti non se fixo agardar e o 7 do mesmo mes contéstalle deste xeito: "Meu querido amigo: ¿Permíteme que o trate así? Teño que recoñecerlle vivamente as cariñosas frases que fai na súa carta á miña poesía, das cales me considero inmerecido, pero de todos modos é para min un gran alento que lle haxa gustado o meu libro. Tamén quero agradecerlle a súa delicadeza ao enviarme os seus libros, os cales lin con fruición.

Para responder á súa delicadeza permíteme enviarlle varios libros meus: os dous de poesía bilingüe, un dos cales xa ten, así como as dúas miñas traducións do Catecismo do Labrego (vasca e castelán) e a edición cuadrilingüe do Meabe. Tamén lle mando, para que as garde na súa biblioteca, varias comedias. Gustaríame colaborar con vostedes máis amplamente" e, entre outras cousas, remata despedíndose: "Na espera dunha amizade máis profunda e coa seguridade dunha colaboración fecunda para os nosos dous pobos, reciba os máis sinceros saúdos".

A relación epistolar non foi moi longa, pero si bastante intensa, pois o 18 de maio de 1969 Manuel María contéstalle acusando recibo da súa carta e dos libros, polo que lle queda moi agradecido e que o día anterior

lle mandara un disco cos seus poemas.

Dille que "me encantou LA PIEDRA VASCA. É un libro moi valente e moi fermoso. Do resto dos libros que me enviou lin, na súa versión galega, o de Meabe. No seu idioma orixinal ten que ser unha maravilla. A presentación é moi fermosa. En canto ao Catecismo do Labrego atopo moi ben ese tipo de edición. Lin a tradución castelán que, en dous lugares lle saltaron liñas. É unha pena...

O 21 saio para Porto (Portugal), en cuxa ASSOCIAÇÃO DE HOMENS DE LETRAS E JORNALISTAS pronunciarei unha conferencia sobre a poesía galega actual. Volverei o día 26".

Logo prométtelle que "Cando volva de Portugal enviareille o libríño de Celso Emilio Ferreiro que editamos en Monforte, TERRA DE NINGURES. De min pouco lle pode dicir. Teño na censura poemas para facer un segundo disco coa miña voz. E en Adonais desde fai tempo, unha antoloxía que fixo Basilio Losada Castro, profesor de Galego da Universidade de Barcelona. E isto é todo ou case todo. So me resta engadir que ando a voltas con un recurso de reposición dunha multa que me puxeron en xaneiro por un recital que dei na Facultade de Ciencias políticas e Económicas de Madrid. A contía da multa e de 75.000 ptas. Fixen o recurso de súplica, dealzada e agora so me queda o de reposición".

Antes xa fora multado con 600.000 ptas. polo poema Acuso a crase media, que non tivo que pagar, pero desta non se librou, e foi precisamente Gabriel Aresti, xunto con Salvador Espriu e o cantante Raimon, os que o apoiaron economicamente para satisfacela.

Remata a carta dicíndolle: "Non deixe de escribirme contándome cousas. Reciba un forte y fraternal abrazo de seu bo e agradecido amigo".

Somos docentes, non burócratas

O PUPITRE



Julio Díaz

As administracións educativas, desde hai xa décadas, tomaron una deriva burocrática que fai que en moitas ocasións cheguemos a cuestionarnos que tipo de educación estamos a darlle ao noso alumnado si realmente os estamos a preparar para afrontar os desafíos que un mundo laboral tan competitivo e cada vez máis dixitalizado lles vai esixir, ou simplemente somos un oficinista máis na engranaxe do noso centro educativo.

"Se non se rexistra, non ocorre", parece que o único que importa e que se vexa reflexado nun documento. Un exceso de papeis, aplicacións, formularios, planillas, trámites, actas, documentos, comunicados, proxectos curriculares, de innovación, educativos...que como xa dixen, imos incrementando o tempo que os docentes adicamos "ós papeis" e procesos administrativos co fin de asegurar unha falsa calidade educativa que transparente, como si iso fose preciso, a labor docente en detrimento dun bo labor educativo.

Os docentes debemos cumprimentar e desenvolver ao longo de todo un curso unha inxente cantidade de documentos administrativos que detraen o tempo da atención directa do alumnado, a preparación específica das clases e aos proxectos innovadores, sen que o docente teña constancia da súa utilidade para mellorar a calidade do proceso educativo.

Nós queremos dar clase, e atender o mellor posible os nosos alumnos/as e non pasar "media vida" xestionando e revisando documentos do que deben e debemos facer. Cantas veces se cubren só con fins estadísticos, cantas veces enchemos cuestionarios, formularios, planillas que ninguén le nin supervisa. Todo o que se fai entorno a aula debe ser controlado pero, a maior parte das veces non se leva a cabo co fin de mellorar o proceso de ensinanza-aprendizaxe

senón cun afán fiscalizador que nada aporta a un ensino de calidade.

A deriva burocrática na que caeu a educación convértese nun problema que ameaza ser irresoluble, que ten empeñadas ás administracións educativas en transformar os docentes en oficinistas e administrativos que xeren inxentes cantidades de datos que aproveitan para presentar estadísticas coas que poder demostrar mediante gráficos, diagramas, pictogramas, documentos, dossiers...a efectividade da súa xestión e que a nós, como docentes, nada nos aporta na nosa capacidade de transmitir coñecementos e valores que é a tarefa que a sociedade nos encomendou, facéndonos caer na impotencia e no desalento de vernos día tras día máis sobrecargados, sabendo que diso non depende o éxito ou fracaso educativo dos/as nosos/as alumnos/as.

Na escola burocrática, o procedemento é un fin en si mesmo. O bo docente xa non é o que ben sabe ou ben ensina, é o que mellor cumpre o proceso administrativo establecido. QUE MÁGOA!! Debemos rematar XA esta "pandemia burocrática", analizando as razóns polas que o sistema educativo naufragou neste mar de documentos e impresos alcanzando as desproporcionadas dimensións que sepultan os docentes nun sin sentido de xestións e tramitacións que o apartan da fin educadora que a sociedade nos outorgou.

Precisamos, con urxencia un cambio radical das nosas administracións que nos garantan que a nosa función principal é a docencia, deixando as tarefas administrativas para persoal especializado nesas funcións.

É imprescindible que non vexamos cercenada a nosa insustituíble labor de ensinar, co aumento imparable de tediosas tarefas administrativas que constitúen a máis prexudicial agresión que se lle pode facer ao sistema educativo. Gustaríame rematar cunha frase de Carlos Castillo Peraza, escritor e periodista, que decía:

"A burocracia é a arte de convertirla o fácil en difícil por medio do inútil".

José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas

Transformaciones agrarias
Desbroces y plantaciones de montes
Servicio de podas

San Lorenzo de Árbol, 13. 27800 Vilaalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138

SERVICIOS AGROFORESTALES
SEOANE

gato con botas

zapatería

C/ Plácida Peña, 8 - Bajo
27800 Vilaalba (Lugo)
Tel. 982516590

DE RUTA EN RUTA

Cospeito: Ruta das lagoas

A tradición, a lenda e a natureza no seu estado máis puro conxúganse neste roteiro apto para todos os públicos

Conta a lenda que baixo as augas da Lagoa de Cospeito hai un pobo chamado Valcárcel que foi anegado por mandato divino. Uns din que aínda se escoita o tanxer das campás da igrexa, outros aseguran ter visto os tellados das casas cando baixa o nivel do pantano.

Sexa como sexa, as protagonistas deste sendeiro son as lagoas que ocupan este territorio chan declarado Reserva da Biosfera Terras do Miño. A primeira que atopamos é a Lagoa de Cospeito na que o itinerario inténase para contemplar a asombrosa vida que nela existe. Despois, na metade do percorrido, a Lagoa de Carballosa.

É un sendeiro lineal, preto do inicio rodearase a lagoa por un camiño creado para a observación ornitolóxica, camiñando sixilosamente, dende as torres de observación, poderemos ver e escoitar centos de aves acuáticas que utilizan a lagoa como refuxio.

Logo a senda penetra no bosque seguindo as antigas vereas que rodean a Feira do Monte. Tras

cruzar a estrada internarémonos na auténtica Terra Chá onde as longas rectas, horizontes distantes e chans darannos a sensación de atoparnos nunha Galicia distinta.

Intercalando paisaxes agrícolas e forestais, pasarase pola Lagoa de Carballosa e ata o final avanzaráse facilmente por un terreo sen desniveis. Remata na igrexa de San Martiño de Lamas, alí poderemos ver un cruceiro con motivos da paixón labrados no fuste.

LAGOA DE COSPEITO. A lagoa de Cospeito conta con máis de 5 hectáreas de extensión e está considerada un dos humidaís máis importantes de Galicia. Precisamente as súas augas proceden do río Guisande, afluente do Miño. Tamén pertence á Rede Natura 2000, e ao LIC Parga-Ladra-Támoga o que dá fe do seu gran valor natural.

É un espazo de especial protección, onde se refuxian diversas especies de aves como anátidas, ardeidas, coraciformes, limícolas e rapaces. De aí, os diferentes paneis informativos que advirten que hai que manter silencio.

Para poder gozar das aves, conta con cinco observatorios ornitolóxicos, algún deles, non apto para persoas de mobilidade reducida. En definitiva, trátase dun fantástico e sinxelo paseo, apto para realizar en bicicleta e con nenos, onde gozaremos de numerosas especies autóctonas como carballos, amieiros, salgueiros, bidueiros, freixos... Unha escapada perfecta para os amantes da natureza.



DATOS



4 horas



14,5 km.

Dificultade
baixa



CAP

TODOS LOS MESES

Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos



formación integral de empresas

- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo
alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es
Telf.: 982 51 36 05

Cursos y Certificados